

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e sete de decembro de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

O deputado don Rosendo Luís Fernández Fernández, incorporouse á sesión cando se trataba o punto segundo da orde do día.

Non asisten os deputados don José Víctor González Vázquez do Grupo Socialista e don Leopoldo Rodríguez Puga do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Antes de entrar na orde do día o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez do BNG.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dille ao Sr. presidente que será coñecedor de que o seu compañeiro (don Leopoldo Rodríguez Puga), que hoxe debería sentarse no seu sitio neste pleno, non está. E non está non porque non queira ou porque non poida, senón que o alcalde democrata do seu concello (Celanova) decidiu poñer un pleno á mesma hora que o que hoxe ten lugar aquí. Manifesta que isto é un acto feito aposta para evitar que a cidadanía de Celanova tome unha decisión beneficiosa para eles. Agarda que non se repita, e dille ao Sr. presidente que, como presidente do Partido Popular, se quere facer algo ao respecto que o faga.

O **Sr. presidente** di que queda constancia do rogo do Sr. Iglesias Pérez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE NOVIEMBRE DE 2013.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de novembro de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA ÁS PERSOAS SEN RECURSOS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que en Galiza hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza e 120.000 en estado de pobreza severa; hai 93.000 fogares con todos os seus membros no paro -12.000 máis que o ano pasado- e existen máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terríbeis de pobreza infantil que no Estado español acada a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por baixo do limiar da pobreza ou que 6 de cada 10 familias chegan con maiores dificultades a fin de mes. Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán a subsidios por desemprego ou ás pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español como da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotar as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueiros ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse. Os gobernos locais non só deben garantir o apoio ás persoas que o precisen, senón que tamén deben impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais, permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen. En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente a subministración eléctrica ás súas vivendas. Esta situación, a últimos de decembro e con todo o inverno por diante, faise especialmente dramática pensando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

que se poidan producir cortes da subministración en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan. E o que aínda é peor, esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición. E por certo, falando do medio ambiente, e dado que agora xa hai unha petición formal para que a Ribeira Sacra sexa declarada patrimonio da humanidade, pregunta como pensan xustificar que as grandes hidroeléctricas teñan convertido este marco incomparable nun polígono industrial a costa de estragar o noso patrimonio, que é xustamente aquilo que se pretende defender na candidatura. Fronte esta dramática situación para milleiros de familias, o goberno do Partido Popular ven pregoando aos catro ventos que xa se ve a luz ao final do túnel, pois será a da factura, porque outra non se ve. O ministro negou ata 3 veces, igual que fixo Pedro con Xesús, que o goberno ía subir o recibo. Foi o 2 de decembro, reiterouno o 3 de decembro dicindo en sede parlamentar que o goberno non tiña ningunha intención de subir á peaxe eléctrica, e volveu repetilo o 12 de decembro, iso si, facendo un circunloquio tal que resulta de difícil de entender: *subirá en la parte correspondiente a la amortización de principal e intereses producto del desfase entre ingresos y costes del sistema*..... En definitiva, subirá o que decida o holding das empresas enerxéticas desta país. Pois o certo é que a luz vai subir, e farao a partir de xaneiro, unha suba que supón un novo golpe as maltreitas economías domésticas que leva acumulado un 21% desde 2012 e un 83% desde 2003. Algo absolutamente escandaloso. O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario, que é algo así como o timo da estampíña, ou o xeito en que un goberno pode estafar aos cidadáns con total impunidade. O Partido Popular ten en marcha unha reforma da lei do sector eléctrico que penaliza o autoconsumo, introduce cambios normativos de carácter retroactivo para as renovables e persegue saldar o chamado déficit tarifario, que acabará o ano nunha estafa de 30.000 millóns de euros. A reforma do sistema eléctrico emprendida polo goberno céntrase sobre todo no denominado déficit de tarifa, é dicir, a diferenza entre o que pagamos os consumidores pola electricidade e o prezo que lles prometeu o goberno ás grandes compañías eléctricas vía decreto, que é moito maior. Ollo, non se trata de que lles esteamos pagando ás compañías eléctricas menos do que lles custa producir e distribuír (incluído o beneficio industrial), senón que lles pagamos menos do que lles prometeu o goberno. Este é un caso sen parangón no mundo: o Estado español é o único no que os clientes manteñen unha débeda co conxunto do sector eléctrico, que se acumula medrando de forma

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

exponencial ano a ano. Por iso, o grupo provincial do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións: 1º. Realizar as modificacións legislativas necesarias para garantirles a subministración eléctrica ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos. 2º. Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014. 3º. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que neste tema e noutros os señores do Partido Popular son escravos das súas propias palabras. Pero peor que as palabras son os feitos, co único propósito (a maioría das veces) de alcanzar o goberno e o poder a custa do malestar da xente (referíndose ao anterior goberno), posto que cando se sube o recibo da luz ou calquera outro servizo básico non é ben recibido por ninguén. Dicían cousas como que ía subir a luz en xaneiro, non teñen un detalle nin en Nadal, isto é moi forte: a Sra. Esperanza Aguirre dicía: parécenos absurdo que teñamos que pagar os caprichos do goberno, pois de cada 100 euros só se pagan 50 de consumo (que iso é verdade). Pero ese malestar, que é comprensible ao comezo dunha crise, tornouse nunha cuestión de extrema necesidade para os cidadáns que nunha situación de crise, aínda que fose a custa de enganar, creron nas mentiras do Partido Popular. E se antes estaban molestos e cabreados do goberno socialista, agora ven perplexos como aqueles que montaban o cristo e facían fotos nas colas do paro, aproveitándose das desgrazas e das necesidades das persoas e de catro millóns de dramas persoais, agora están vendo que non só non se lles solucionan os problemas, senón que agora eses dramas persoais xa están en seis millóns de persoas. Aqueles da insubmisión do IVE, agora subírono máis que ninguén. Aqueles que se autodenominaban o partido dos traballadores fixeron unha reforma laboral que é digna dunha república bananeira. Aqueles que falaban de dilapidación no gasto público, agora eliminárono, pois que cada día que goberna o Partido Popular temos menos sanidade, menos educación, menos liberdade, incluso lles subiron as chuches aos nenos que non van poder quentarse nos seus fogares. Sabe que lle van dicir que se desviou do tema, pero quere poñer todo en cuestión. Pregunta se saben que o concepto de pobreza enerxética en España existe para catro millóns de persoas que sofren para poder pagar a electricidade; pregunta tamén se saben que a Cruz Vermella xa ten avisado de que o 40% das familias que recorren a súa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

axuda (cidadáns ata agora de renda media) non poden prender a calefacción Isto non o inventa el, son datos obxectivos. As empresas eléctricas cortáronlles a luz en 2012 a 1,4 millóns de vivendas, cunha media, á baixa, de tres persoas por vivenda. No ano 2012 no que xa non goberna o malvado Zapatero, senón que gobernan os *salvapatrias* de Rajoy, Montoro e compañía, que din que imos remontar e que a culpa foi da herdanza recibida. Compre facer pedagogía neste tema e hai que contar a verdade de por qué se produce esta situación. Comenta unha obviedade: a electricidade xerase nunha central, pasa á rede de alta tensión, de aí pasa á media de baixa e remata o seu ciclo nas casas de todos. Hai que lles dicir aos cidadáns que estes pasos custan cartos, pero esta cadea ten varios elos: impostos, débedas, especuladores, intereses empresariais, primas a sistemas de produción de enerxías renovables (que retirou o Partido Popular xerando un problema). Outro problema do Partido Popular é o déficit tarifario, creado no ano 2002 polo *gurú* das finanzas, don Rodrigo Rato. É verdade que ningún goberno tentou meterlle man a todo isto, que nacía para controlar a inflación, a competitividade industrial e segundo palabras de Rodrigo Rato, para controlar o electoralismo co tema da electricidade coas subidas que se van producindo. Cando o Partido Popular dicía que a culpa de todo a tiña Zapatero, a subida do IPC foi dun 5%, e no mes de agosto deste ano o goberno de Rajoy quixo subir a luz un 11%, pero debido ás presións non o fixeron e fano agora a finais de ano, cando estamos no Nadal. Ata 2005 o déficit é asumible, pero nese ano sobe o petróleo en Irak pola inestabilidade, pero nesa guerra non nos meteu Zapatero (que non tiña bigote e si o tiña quen nos meteu nesa guerra). Hai que dicirlles aos cidadáns que ao final, nese alarde de demagogia que utiliza o PP, o único que importa é que non lles suba o recibo dun xeito drástico como está a ocorrer agora, cando hai moitos máis problemas que hai dous anos. Reitera que neste Estado hai 1,4 millóns de vivendas ás que se lles cortou a luz. Pide que se lles explique aos cidadáns por qué se producen estas situacións, pero tamén hai que explicar que cando o PP lles dicía a eses mesmos cidadáns que nunca subirían a luz (para gañar votos) por qué agora a van subir outra vez, xa que se leva subido máis do 40%. O que se pide na moción é que a todas aquelas persoas que non poden pagar nin sequera a comida dos seus fillos débeselles aplicar o que están facendo noutras autonomías, que é prohibirlles as compañías eléctricas que lles corten a luz ás persoas que poidan acreditar que están nunha situación extrema. Pensa que o Partido Popular reflicte máis cada día que o único que quere é chegar ao poder, pero non solucionarlles os problemas aos cidadáns.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Gómez Pérez que hoxe ven un pouco incisivo e pensa que debe ser porque andan as augas revoltas. Dálle a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

benvinda ao Sr. vicepresidente que se acaba de incorporar á sesión. Á marxe das opinións que se deron aquí, incluso coa guerra de Irak, quere dicir que o Grupo Popular lamenta profundamente os incrementos que se veñen producindo no recibo da luz, sobre todo polas consecuencias que ten nos fogares galegos máis desfavorecidos, nos autónomos e nas pequenas e medianas empresas, pero a solución non está nas súas mans. A Deputación non está para isto, de aí que lamenten unha vez máis o oportunismo político de iniciativas como esta. As modificacións legislativas que propón o BNG deberían presentarse no Parlamento Galego e tamén nas Cortes do Estado. Alí teñen aos seus representantes para que presenten iniciativas legislativas a favor dos cidadáns dos territorios aos que representan e do conxunto do Estado. Por certo, cando cogobernaron en Galicia, ou apoiaron decididamente ao goberno socialista en Madrid, non lembra que presentasen ningunha iniciativa neste sentido, nin tan sequera da creación do que tan alegremente chaman “tarifa eléctrica galega”, porque o problema do recibo da luz xa ven de lonxe. O problema é moito máis complexo, pero o excesivo oportunismo político válelles para atizarlles aos gobernos do PP e lévaos a presentar propostas tan demagóxicas como esta. É certo que o prezo da electricidade en España está moi por enriba da media europea (tan só en Chipre e Irlanda é máis cara a electricidade antes de impostos). O goberno do PP está tomando medidas e malia o elevado prezo e das medidas xa tomadas, aínda persiste o chamado déficit de tarifa. De non terse tomado medidas no ano 2012 e no ano 2013 o déficit do sistema eléctrico tería alcanzado os 10.500 millóns de euros no presente ano. Hai que pensar que para corrixilo tería que subirse a luz ao redor dun 42%. Coas medidas do goberno desde 2012 o déficit de tarifa previsto para 2013 é de 4.500 millóns de euros (rebaixa considerable). Hai que ter en conta que a débeda do sistema eléctrico polos déficits acumulados desde o ano 2005 supera os 26.000 millóns de euros, amortizándose xa outros 10.000 millóns de euros neste período. Cando o PP chegou ao goberno atopouse cun déficit de tarifa (que é a diferenza entre o custo da subministración eléctrica e o prezo da tarifa eléctrica) acumulado de máis de 26.000 millóns de euros e uns prezos que deixaron de ser competitivos e que pasaron a xerar esa pobreza enerxética que agora nos piden corrixir. En sete anos de goberno socialista o prezo da enerxía creceu un 63%. A situación é a que é, algo que lamentan neste momento de grave crise económica, pero non está na súa man solucionalo, de aí que teñan que votar en contra dos acordos que se propoñen na moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que nin sequera se dera conta de que non estaba o vicepresidente (será polo que intervén nos plenos). Manifesta que habería que estudar o que é un déficit de tarifa, porque parece que estamos intentando que outros coman sapos e ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

final todos terán que comer a súa parte, porque a verdade só ten un camiño. O sistema eléctrico español ten dúas vertentes que xeran enerxía, a convencional que supón un 70% da enerxía producida e a obtida polas enerxías renovables que achega un 30%. A esta enerxía, xerada de forma sustentábel, o Estado garántelles un prezo superior ao de mercado e toda a enerxía que producen debe ser comprada obrigatoriamente. Pregunta como se calcula a factura da luz. A grandes liñas, a metade da factura establécese mediante unha poxa, teoricamente competitiva e aberta, entre empresas, e a outra metade establécea o goberno. Aínda que o sistema é bastante complexo e opaco (implantouno o goberno de José María Aznar e mantivérono Zapatero e Rajoy), a estafa cométese por tres vías: a da poxa, a forma en que fixa a tarifa o goberno e a inclusión na factura de conceptos que non deberían figurar alí. Resumindo, a poxa eléctrica é un: *yo me lo guiso yo me lo como, como Juan Palomo*, pois as mesmas empresas xeradoras da luz teñen filiais comercializadoras, así que o pastel se reparte entre cinco grandes empresas. Ademais, o prezo que se lle asigna ao quilovatio é o da fonte máis cara que entre na poxa. Así, no canto de pagar en función do custo ponderado segundo a orixe da electricidade, págase toda ao prezo da máis cara, xeralmente o carbón ou o fuel-óleo. Desta forma, a enerxía nuclear é a gran hidroeléctrica, que xa teñen as súas plantas amortizadas e con custos de xeración baixos, reciben uns prezos moi inflados, o que en xerga económica chaman beneficios caídos do ceo (rainfalls benefits), de aí o interese das grandes compañías por que se siga queimando carbón ou petróleo, malia ser fontes de enerxía importadas, caras e altamente contaminantes. Así, un megavatio/hora nuclear polo que deberíamos pagar 18 estamos pagando entre 40 e 70. Facendo un símil, é como se fosemos a unha adega e comprásemos 100 litros de viño para embotellar: unhas botellas de viño do país, outras de viño de crianza, outras de reserva e unha botella de viño de gran reserva e nos facturaran todo o viño ao prezo deste último. Pois isto é o que lles permite o goberno facer ás empresas eléctricas. Sempre se di que o déficit de tarifa se debe ás subvencións ás renovables, pero iso non é certo, pois aínda que as renovables reciben primas, fano por quilovatio producido, ao contrario que moitas centrais de gas que reciben primas só por estar dispoñibles, non por produción. Ademais, a entrada das renovables reduce o prezo da electricidade das poxas e diminúe os dereitos de emisión de carbono que temos que comprar, polo que sae a conta subvencionar as renovables, que ademais xeran miles de novos postos de traballo. Por outra banda, na factura eléctrica inclúense miles de millóns de euros en subvencións a fondo perdido en diferentes conceptos: como xa se dixo, entre todos pagamos máis de 2.500 millóns de euros, só nos últimos cinco anos a centrais de gas natural, non por producir senón por estar dispoñibles. Os últimos anos o goberno subvencionou a posta en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

marcha de centrais de coxeneración con carbón, fuel-gasoil, gas de refinería e gas natural, ao que dedicamos, vía factura, máis de 5.000 millóns de euros neste último quinquenio. Para retribuír a produción de electricidade nas illas, Ceuta e Melilla, pagamos vía recibos máis de 7.000 millóns de euros nos últimos cinco anos, cousa que debería financiarse solidariamente vía orzamentos xerais do Estado, ademais para queimar fueloil e gas, no canto de primar a que se instalen enerxías renovables que fagan a estas zonas extrapeninsulares independentes enerxeticamente. En concepto de "interrompibilidade" regalamos máis de 2.000 millóns de euros de subvencións enmascaradas a multinacionais como Arcelor Mittal ou Atlantic Copper, e pagamos máis de 10.000 millóns en concepto de custos de transición á competencia, entre eles os 3.000 millóns de máis que lle pagamos á industria nuclear e á que o goberno non lle reclama á súa devolución. Durante moitos anos os consumidores e consumidoras estivemos pagando, vía recibo, os gastos de xestión dos residuos nucleares. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, durante o ano 2012, foron 1,4 millóns de familias as que padeceron este corte no subministro. Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministración eléctrica a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o alugueiro das persoas en paro de longa duración. Cataluña acaba de aprobar un decreto para prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza. Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumerou ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta de Galiza adopte medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias. Pero está claro que como é demagogia e oportunismo, haberá que explicarlles ás familias que o Grupo Popular está en desacordo co que lles pasa e que é unha mágoa o que está a pasar, pero que non van facer nada para remedialo.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que o Sr. vicepresidente non estivo no inicio da sesión pola mesma razón que esgrimiu o Sr. Iglesias Pérez ao respecto da ausencia do seu compañeiro de escano.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que el sempre é incisivo e non hai ningunha cuestión que o perturbe. Reitera que é incisivo ata cos seus e cando fan cousas que non lle gustan tamén é incisivo. Pídelle ao grupo de goberno que tamén sexa incisivo con actitudes como a do alcalde de Celanova, que fixo que un deputado non estivese hoxe aquí representando ao seu grupo. O que acaba de dicir o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

presidente, co alarde de darlle unha creba á situación, dicindo que era o mesmo que fixo o alcalde de Celanova, e iso non é así.

Intervén o **Sr. presidente** para mostrar unha convocatoria dunha comisión de pleno, asinada por Agustín Fernández Gallego (alcalde de Ourense), para as 11.00 horas.

Continúa o **Sr. Gómez Pérez** dicindo que unha cousa é unha comisión de pleno e outra o pleno, e o deputado do BNG que tiña que estar aquí hoxe non pode estar. Retomando o asunto da orde do día, di que o Partido Popular acaba de retirar 3.600 millóns de euros que estaban comprometidos para aboar o déficit que era herdanza do goberno de Zapatero, e o Sr. Montoro dixo que tiña que ir para pagar outras cousas. Isto non é algo que invente el, senón que é unha realidade que está nos orzamentos do Estado español. Non poden estar dicindo sempre que o Partido Socialista o fixo mal e se o Partido Popular está no goberno é porque os puxeron os cidadáns para arranxarlles os problemas que dicían que lles ían arranxar, e a realidade é que dous anos despois os cidadáns están peor, hai 1,4 millóns de vivendas ás que lles cortaron a luz, hai moitos cidadáns que non poden nin quentar aos seus fillos. Esta é a crúa realidade e o problema é difícil de arranxar, pero o Partido Popular dicía que cando chegase ao goberno a luz non ía subir e subiu un 60% en dous anos. Isto é culpa do Partido Popular que é quen goberna e é quen ía arranxar todo o que facía mal o Partido Socialista. En canto aos autónomos e ás empresas, o Partido Popular dicía que como se ía crear emprego se a luz lles sube aos empresarios tanto que é imposible que poñan as máquinas a traballar e hoxe iso non é demagogia, é unha realidade. O Partido Popular ve a luz ao final do túnel (non sabe de que túnel) pero o túnel dos cidadáns é que se teñen que quentar con mantas. Facer demagogia sería dicir que os socialistas tiñan unha varinha máxica para solucionar estes problemas e el non fixo iso. Dixo as cuestións que nos trouxeron ata aquí e que non teñen nada que ver co goberno socialista. É verdade que o goberno socialista tería que pór lle freo a algunha desas situacións, tamén é verdade que é difícil facelo, porque a chantaxe que lles fai este tipo de empresas a calquera tipo de estado é complicada. Agora ben, a culpa de que suba o IVE non é culpa das eléctricas e é moi difícil descifrar un recibo da luz. Pídelle ao grupo de goberno que vexan nun recibo da luz canto se cobra pola enerxía reactiva (a que se perde) e xa verán que sorpresa levan. Esta enerxía pérdese porque é máis económico perdela e non ter en mantemento as diversas instalacións e ter menos persoal para obter máis beneficios cobrándollela aos cidadáns. A isto si hai alguén que lle pode poñer freo, que son os gobernantes e os gobernos. Reitera que hai comunidades que están prohibindo por lei que se lles corte a enerxía eléctrica a todos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

aqueles cidadáns que poidan acreditar que están en problemas de grande necesidade. Isto non é demagogia, é unha realidade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Gómez Pérez que lle permita un pouco de sentido do humor de vez en cando, e a palabra incisivo a dixo nese contexto, igual que o comentario sobre a entrada do vicepresidente no pleno. En canto ao tema que nos ocupa, di que en algo están de acordo, que nos sete anos de goberno socialista non se fixo nada, agás a herdanza de 26.000 millóns de euros. Recoñece que si que ten que facer algo o Partido Popular que non fixo o Partido Socialista. Si é certo que o déficit tarifario se creou na época de Rodrigo Rato, pero nos sete anos seguintes de goberno socialista non se fixo nada para cambiar isto. Di que non vai entrar no tema das renovables e en canto ao que se fai noutras autonomías pensa que non se poden dicir medias verdades, porque son peores que unha mentira. O que fixo o goberno do Sr. Mas (famoso nos últimos tempos por outras cousas) é prohibir cortar as subministracións de luz e gas entre novembro e marzo a familias que poidan acreditar un nivel de ingresos inferior a 570 euros (indicador da Renda de Suficiencia), pero estas familias teñen que reunir unha serie de condicións e no decreto recóllese que a medida non os eximirá de pagar a débeda que acumulen, que deberá ser satisfeita entre os meses de abril e outubro. Reitera que as herdanzas son as que son e reitera que algo ten que facer o goberno do Partido Popular que para iso goberna. Neso está o Partido Popular e está en marcha unha reforma do sector eléctrico que pretende garantir a subministración eléctrica ao menor custo posible para o consumidor, arbitrando entre outras medidas como as seguintes: por fin simplificárase e clarificárase a factura eléctrica (que non se entende nin indo ao libro); a actual tarifa do último recurso (TUR), á que están acollidos actualmente a gran maioría dos consumidores domésticos, pasa a denominarse Prezo voluntario ao pequeno consumidor (hai intención manifesta e clara de atender estas necesidades); habilítanse novas comercializadoras para a subministración deses clientes, permitindo ademais a competencia entre elas ao poder realizar ofertas e descontos; axilízase o proceso de cambio de compañía subministradora; os consumidores máis vulnerables poderán continuar acolléndose ao desconto do bono social; refórzanse os mecanismos de atención ao cliente, garantindo a súa gratuidade. Estas son medidas, entre outras, da reforma do sector eléctrico que ten en marcha o Partido Popular, que algo está a facer e xa se verá se será suficiente, pero o Partido Socialista non fixo nada.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que si houbo iniciativas e en 2008 se lle reclamou ao goberno do Estado a tarifa galega. En canto a que a solución está na reforma da tarifa, mostra un papel no que se reflicten as trabas que van ter todos os gobernos: Endesa: José

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

María Aznar, Miquel Roca Junyent (avogado da Infanta), Pedro Solbes, Elena Salgado e Luis de Guindos: cobrou 368.000 euros en 2011 como conselleiro de Endesa. **Gas Natural:** Felipe González (no consello atopouse cun exvicepresidente seu en representación de Caixa Catalunya, Narcís Serra). Nemesio Fernández-Cuesta: entrou no consello de administración en xaneiro de 2011, en representación de Repsol e foi secretario de Estado con Aznar. **Iberdrola:** Manuel Marín (expresidente do Congreso), Ángel Acebes (ministro de Interior con Aznar, Juan Mari Atutxa (exconselleiro do Goberno vasco), Ignacio López del Hierro (parella de María Dores de Cospedal. **Rede Eléctrica Española:** José Folgado (secretario de Estado con Aznar). **Enagás:** Marcelino Oreja Arburua (fillo de Marcelino Oreja, expresidente de UCD, excomisario europeo de Transporte e Enerxía, Miguel Ángel Lasheras (traballou nos gobernos de Felipe González e é conselleiro de Enagás desde 2006). **Abengoa,** empresa especializada na enerxía renovable e que acaba de demandar ao Goberno diante un tribunal de arbitraje: Josep Borrell (ministro de Obras Públicas con Felipe González, é conselleiro independente da empresa). **Repsol:** Luís Carlos Croissier (foi ministro de Industria e Enerxía e presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores). Foi nomeado conselleiro de Repsol en 2007 e reelixido en 2011. Mario Fernández (foi conselleiro de Traballo do goberno vasco) Josu Jon Imaz (presidente de Petronor desde 2008). **Cepsa:** Carlos Pérez de Brucios (é o presidente de honor da empresa e foi ministro de Industria con Arias Navarro, Carlos de Borbón-Dos Sicilias (infante e vogal do consello de administración desde 1987). Todo o que se leva explicado durante este pleno sóbralle á cidadanía e só lle fai falta saber quen está metido nas cúpulas das empresas enerxéticas. Poden tomarse medidas, pero ao final, as empresas meten aos políticos en altos cargos para poder ter o control e o poder.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a moción do BNG, e ao obter o voto favorable do deputado do BNG presente na sesión e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE BEARIZ TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DA TAXA DA AUGA E DA TAXA DE SUMIDOIROS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Socialista (7) e a abstención do deputado presente na sesión do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Beariz ten atribuídas en materia de recadación da taxa da auga e da taxa de sumidoiros, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos e non prescritas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 25 de novembro de 2013. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

4º.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2014.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación. Anuncia que con posterioridade a este ditame, tras o tratamento do asunto na Xunta de Portavoces, a Presidencia formulou unha emenda de data 26 de decembro, na que se propón modificar a base 2ª, substituíndo a cantidade de 3.000 euros que figura nesa base pola de 5.000 euros, modificando a cantidade que figura nesa base 2ª de 47.000 euros pola de 45.000 euros.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o BNG fixo unha proposta con respecto á base 8ª, e na emenda quedou claro que non se dá traslado desta proposta. O contido da súa proposta é o seguinte: "Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 50.000,00 €) con destino, de xeito preferente, ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base, ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

subsidiariamente, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores cando ademais xustifiquen a imposibilidade de acudir a vías de refinanciamento que reduza a carga financeira no exercicio 2014. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarse antes do 1 de decembro de 2014 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións. Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2012 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo”. Anuncia que se non se acepta esta proposta, por primeira vez en moitos anos (cre que nunca) o BNG non votará a favor destas bases e terase que abster.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que das poucas cousas que o Grupo Socialista ten salientado no orzamento deste ano (e doutros anos) como algo importante e que se facía relativamente ben, é unha mágoa que o seu grupo (tamén despois de moitos anos) se teña que abster neste asunto. O Plan provincial é para os concellos, e a Deputación fai un gran esforzo (porque o goberno do Estado eliminou a achega para o plan, sen ningún tipo de consenso) aínda que a cantidade sexa pequena. O seu grupo entende que o plan de estradas (e doutras obras) debe facerse con criterio e non poñendo parches. Na comisión informativa o seu compañeiro (Sr. Bautista Carballo) fixo algunha proposta: unha aceptouse, que foi a suba da cantidade para os proxectos, pero non se aceptou a de quen ten a capacidade para licitar as obras. Saben que os concellos teñen esa posibilidade sempre que poñan 20.000 euros a maiores, pero todos sabemos que moitos concellos non dispoñen desa cantidade, polo que pensan que é unha “trampa”. Pensa que esta era unha cuestión fundamental e así o entenden todos os alcaldes (incluso os do Partido Popular) e como non se tivo en conta esta proposta anuncia que o Grupo Socialista votará abstención neste punto. Gustaríalle que se aceptase esta proposta para que despois non se diga que o seu grupo ten o afán de destruír. O Grupo Popular ten a capacidade de aceptar ou non as propostas, pero o Grupo Socialista tamén ten a capacidade de absterse nun plan que podería ter sido aprobado por unanimidade, como o foi sempre.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a Deputación fixo un gran esforzo para incrementar o máximo posible a partida destinada aos plans provinciais de obras e servizos. Xa se dixo no debate dos orzamentos e hoxe lembra que se incrementaron as partidas financiadas con fondos propios, destinadas a investimentos nun 40%. De 10 millóns de euros no ano 2013 pasarase a 14.100.000 euros no ano 2014. Isto fará posible que o Plan de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

cooperación para obras e servizos municipais (que leva tres anualidades sen achega estatal e no que tampouco se conta con financiamento autonómico) se incremente nun 61% nos seus fondos, cunha novidade consistente en que serán achegados 50.000 euros para cada concello pola Deputación, sen que os concellos o cofinancien. Pasamos de 31.000 euros que poñía a Deputación, aos que había que sumar os 10.000 euros que achegaba o concello, a 50.000 euros integramente financiados pola Deputación Provincial. Ademais non se terán que destinar eses fondos a unha soa obra, e cada concello destinaralos ao que estime conveniente. Por primeira vez, tamén se inclúe nos orzamentos como destinataria de fondos da Deputación á única entidade local menor da provincia: Berán. Reitera que os fondos se poden destinar a máis dunha obra; o importe finánciao integramente a Deputación; antes os concellos tiñan que financiar a redacción dos proxectos e a dirección da obra e mantense o que consta na base 8ª (razón pola que o BNG non vota a favor deste plan). O único que pretende a Deputación é favorecer as iniciativas dos concellos e respectar a súa autonomía, que saberá a que pode destinar os fondos que lle asigna a Deputación. No ve razón de peso para que o BNG non vote a favor senón que queren restrinxir ao máximo a autonomía municipal. Tampouco entende a abstención do Grupo Socialista, que por un lado ve ben que se acepte a proposta do Sr. Bautista Carballo de aumentar a 5.000 euros, e en canto á delegación de competencia para a contratación di que se pode delegar se o concello achega 20.000 euros, pero non é necesario que se acheguen con fondos propios. Reitera que non ven razón de peso para que a oposición non aprobe este plan (cre que o mellor que se fixo nos últimos anos para os concellos), aínda que supón que esta abstención forma parte do guiión político.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que nunca buscaron as cousas malas do plan para votar en contra, que é un plan axeitado para os concellos da provincia, é máis, as novidades introducidas este ano parécenlle axeitadas e danlle a benvida. Pero hoxe hai concellos en situacións que se recollen na base 8ª, cunha xestión mellor ou peor feita, pero non sempre atribuíble a quen goberna, aínda que si hai concellos que están como están pola nefasta xestión de quen está á súa fronte. Desde esta institución se está a premiar aos gobernantes que fixeron o que quixeron, e que os cartos que tiñan que utilizar para o ben dos veciños os utilizaron para seguir gobernando. O BNG non está por este labor. Parécelles ben que a Deputación se faga cargo do plan e que se incrementen as contías, pero a base 8ª, tal e como está redactada, vai dar lugar a que quen fixo e desfixo ao seu antollo, sen importarlle o beneficio dos seus veciños e meteu ao concello onde está, agora se lle dea unha axuda para intentar liberalo das súas cargas. Pensa que quedou clara a razón de que o BNG se absteña.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Intervén o **Sr. presidente** para dicirlle ao Sr. Iglesias Pérez que non tivo lugar o Pleno de Celanova, xa que se votou en contra da urxencia, polo que imaxina que o Sr. Rodríguez Puga se incorporará a esta sesión en calquera momento.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que, aínda que non é súa a cuestión, nunha comisión de pleno pode substituírse a unha persoa pero nun pleno non. Di isto para que o saiba o Sr. presidente, que sempre lle está dando clases.

Prodúcese un intercambio de palabras entre o Sr. presidente e o Sr. Gómez Pérez en canto a erros, e este último di que os seus erros non supoñen ningún problema para os cidadáns, pero os do Sr. presidente si.

Continúa o **Sr. Gómez Pérez** e di que eles non traen ningún guión e votan os que lles dá a gana, explicando o voto. Cando o Grupo Socialista lle reconece algo ao grupo de goberno, que entra dentro da normalidade democrática, como é repartir os fondos equitativamente para todos os concellos, o Grupo Popular ponse máis medallas que algún xeneral que había noutra época. Non hai que esaxerar, o grupo de goberno está facendo algo que se fai noutras deputacións (por certo, con máis fondos) e o seu grupo non dixo en ningún momento que o plan estivese mal. Reitera que o seu grupo se vai a abster porque pensan que a delegación de competencia se podería facer sen condicións, o grupo de goberno é o que ten que explicar por qué non aceptan a súa proposta. En canto ao destino do diñeiro, di que o ano pasado o seu grupo foi o que fixo a proposta de que se puidese destinar a gasto corrente e o Grupo Popular dixo que non porque xa ía avanzado o plan e porque era un plan de obras. Agora reconecen que tiñan razón e o Sr. presidente (aínda que diga que só di parvadas) faille caso. Non se pode dicir que van votar algo en contra porque teñen un guión político e porque non queren defender o municipalismo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Gómez Pérez que non cuestionou para nada o seu municipalismo, senón que se refería ao Sr. Iglesias Pérez, no sentido de que, desde o seu punto de vista, pretendía restrinxir a autonomía municipal á hora de impor uns criterios de cómo investir os fondos do plan provincial. Dixo o do guión político porque sempre o hai e todos os que pertencen a unha organización política o teñen, iso que nos últimos días téñenos acostumados a outra cousa. Manifesta que o Grupo Popular non se pon medallas, simplemente expón o que fai, porque deben facelo, e a oposición está para controlar o seu labor de goberno. En canto ao voto da oposición, polo que ve está baseado en cousas distintas, e dille ao Sr. Iglesias que xa nos tutela bastante o Sr. Montoro para que agora os deputados queiran tutelar aínda máis aos concellos, polo que están en contra da proposta do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

BNG. A continuación dá lectura á base 8ª, co seguinte contido: Os concellos que se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 50.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base (xa se restrinxe bastante). Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2012 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo. Cre que é máis que suficiente.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, coa emenda formulada, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do deputado presente do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

I.- Aprobar as bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2014, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2014.

2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2014. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2014 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, así como no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O Plan Provincial 2014, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense resultando en consecuencia o seguinte cadro mínimo de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2014 é a seguinte:

- a) Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 1.500.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 1.500.000,00 €

- b) Investimento total previsto en obras municipais: 4.550.000,00 €

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.550.000,00 €

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectúase mediante a asignación, a cada concello de menos de 20.000 habitantes, dunha cota alícuota de investimento subvencionado resultando un investimento por termo municipal de 50.000 €. Da dita cantidade e a solicitude dos concellos interesados, a deputación poderá destinar ata un máximo de 5.000 € á contratación dos servizos complementarios á execución das obras, con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións.

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 4, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan deberanse incluír, obrigatoriamente, obras adicionais, por importe de polo menos 45.000,00 €, para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ó financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma, e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª .

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación, e deberán ter entrada no rexistro xeral de documentos da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común ata o 31 de xaneiro de 2014 inclusive. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, acordando a solicitude da inclusión das obras. No suposto en que o órgano municipal competente non fose o alcalde, e por razóns de urxencia non fose posible a adopción do acordo polo dito órgano competente antes do 31 de xaneiro de 2014, admitirase a presentación dunha resolución da Alcaldía, condicionada á adopción, antes do 7 de febreiro de 2014, do correspondente acordo de ratificación polo órgano municipal competente.
- Modelo de solicitude, debidamente cuberto, con indicación de persoa de contacto e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

dirección de correo electrónico ós efectos de librar comunicacións.

- No seu caso, solicitude de contratación dos servizos complementarios de redacción de proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras, pola central de contratación da deputación provincial con cargo ó investimento provincial comprometido no termo municipal

Na solicitude e no acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a) A denominación das obras debe ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións contidas no correspondente proxecto (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
- b) Nos proxectos plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
- c) Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.
- d) Cando un mesmo proxecto recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).
- e) No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2014, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Plans Provinciais, Vías e Obras e Cooperación, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2014.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicarlles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do Plan Provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

5ª) Execución do Plan Provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle exclusivamente á Deputación Provincial. Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe superior ó 40% do financiamento comprometido pola deputación provincial para o termo municipal, poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes e, de se-lo caso, para a súa execución por administración.

A execución das obras do Plan Provincial levarase a cabo pola central de contratación da deputación mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público. Só excepcionalmente, e sempre que se xustifique a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

concorrenza dos supostos previstos legalmente, se autorizará a execución de obras por administración.

A Deputación Provincial (e no seu caso os concellos) deberá adxudicar as obras (ou ben acordar a súa execución por administración) antes do 1 de decembro de 2014 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 1 de decembro de 2015; non obstante o anterior e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo de tres anos a contar desde a data da súa adxudicación ou, de ser o caso, do acordo de execución por administración.

Sen prexuízo da facultade que lles outorga o apartado quinto da base segunda, delégase nos concellos a competencia para a contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos, a dirección facultativa das obras e a dirección e coordinación de seguridade nas obras municipais. A solicitude de inclusión de obras municipais no Plan implicará a aceptación desta delegación polos concellos. O custe de financiamento dos ditos contratos corresponderalles en exclusiva ós concellos.

6ª) Execución das obras

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a execución das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 30 de maio de 2014, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do proxecto técnico correspondente (2 exemplares) –admitíndose a simplificación, redución e supresión dos documentos obrantes nel, nos termos previstos no artigo 123 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro -, para a súa supervisión pola Oficina provincial de Inspección de Proxectos e Supervisión de Obras do Servizo de Vías e Obras, que haberá de pronunciarse, se é o caso, sobre a suficiencia da documentación presentada para a definición, valoración e execución da actuación. Para estes efectos, se é o caso, os concellos deberán proceder coa maior brevidade posible á corrección das deficiencias advertidas no trámite de supervisión. Os concellos que fagan uso da facultade que lles outorga o apartado quinto da base segunda quedarán eximidos deste trámite

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:
 - a) Aprobación do proxecto técnico de obras
 - b) Declaración expresa de que o proxecto técnico de obras cumpre coa lexislación e a ordenación urbanística aplicable, e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais non será necesario que o acordo municipal contemple este extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.
 - c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.
 - d) Designación do director técnico de obra (no caso de que tal servizo sexa prestado por un facultativo distinto do redactor do proxecto), salvo que o concello faga uso da facultade que lles outorga o apartado quinto da base segunda.
- Remisión da acta de replanteo (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

3. Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 30 de maio de 2014, os trámites relacionados no apartado segundo desta base (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto coa solicitude de delegación asinada polo alcalde con indicación expresa da achega municipal complementaria á execución das obras

7ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicaralle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

8ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 50.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

€) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes do 1 de decembro de 2014 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2012 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

9ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 25.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta

II.- Ordenar a publicación das bases no BOP de Ourense, para coñecemento das concellos e entidades locais interesados.**5º.- ORDENANZA REGULADORA DA REDE PROVINCIAL DE CENTROS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS.-**

O Sr. presidente propón que, como este punto e o seguinte fan referencia a centros de recollida de animais abandonados, se debatan conxuntamente e despois se voten por separado, proposta que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que as inquiredanzas sobre estas dúas ordenanzas xa as formularon na comisión correspondente. Anuncia a abstención do grupo en coherencia co citado neste pleno cando se creou esta rede, xa que pensan que cando estea en marcha dará paso a unha privatización (ou como lle gusta ao Sr. presidente unha externalización) do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención do deputado presente do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, co seguinte contido:

Título preliminar.- Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial.

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a regulación da Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados de Ourense, creada en virtude do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 4 de xaneiro de 2013.

2. A Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados está integrada polo conxunto de medios humanos, materiais e financeiros de titularidade da Deputación Provincial de Ourense e dos concellos adheridos, destinados á prestación do servizo intermunicipal de recollida de animais abandonados.

O servizo intermunicipal delegado de recollida de animais abandonados é un servizo público de titularidade dos municipios adheridos á Rede, cuxa ordenación e xestión corresponde á Deputación Provincial por delegación dos concellos. O contido e condicións da dita delegación regularase polos acordos que voluntariamente se establezan entre a deputación provincial e os concellos interesados, podendo articularse a través de convenios – marco ou calquera outra fórmula de colaboración que permita a lexislación vixente.

3. O servizo intermunicipal delegado de recollida de animais domésticos comprenderá as seguintes prestacións:

- a) Servizo de recollida de animais abandonados ou extraviados.
- b) Servizo de recepción e mantemento de animais domésticos que sexan entregados voluntariamente nos centros de recollida.
- c) Servizo de entrega en adopción de animais acollidos nos centros da Rede.
- d) Servizo de sacrificio
- e) Servizo de cremación

As prestacións que integran o servizo poderán levarse a cabo mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

4. O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza e de prestación dos servizos da Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados estará integrado polos termos municipais dos concellos adheridos ó convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a ordenación e xestión deste servizo, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 4 de xaneiro de 2013. Consideraranse incluídos aqueles concellos que se integren con posterioridade á entrada en vigor da ordenanza.

Título I.- Dos servizos prestados pola Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados.

Artigo 2. Do servizo de recollida de animais abandonados

1. O servizo de recollida de animais abandonados comprenderá a recollida de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro que circulen libremente en espazos de uso público dos termos municipais dos concellos incluídos na Rede. Entenderase por animal doméstico ou salvaxe en cativeiro os definidos como tales na lexislación galega de protección destes animais.

Presumirase a condición de animal abandonado en todo aquel que circule polos espazos públicos sen acharse baixo o control dunha persoa.

2. Non se considerarán animais abandonados, para os efectos da presente ordenanza, os seguintes:

- Os animais salvaxes, en xeral.
- Os animais que formen parte de explotacións de carácter pecuario.
- As reses sen dono, cuxa recollida e administración rexerese pola súa normativa específica.

3. A recollida realizarase sempre de oficio, ben sexa por propia iniciativa do servizo ou previa denuncia efectuada por un particular ou por calquera autoridade pública.

4. A recollida levarase a cabo procurando en todo momento evitar o sufrimento do animal. Para estes efectos, e no caso de animais perigosos, poderán empregarse técnicas de minimización de carácter inocuo, tales como dardos anestésicos ou outras análogas.

Excepcionalmente, e só cando se estime absolutamente indispensable para evitar a causación de danos ás persoas, poderá procederse ó sacrificio do animal.

5. O animal recollido será conducido a un dos centros da rede, anotándose o seu ingreso no rexistro previsto no Título II da presente ordenanza.

6. Os animais recollidos quedarán baixo custodia da Deputación Provincial, e continuarán sendo de propiedade do seu titular ata que transcorra o prazo de vinte días hábiles

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

contados a partir do día seguinte ó da súa recollida, momento no que pasarán a ser propiedade da Deputación Provincial, sempre que se dean os seguintes requisitos de forma conxunta:

a) Que dentro do dito prazo, e de ser coñecida a identidade do propietario, se lle notificase o seu ingreso na rede requiríndoo para a súa recollida, ou que se anunciase publicamente esta circunstancia no caso de ser descoñecida a súa identidade.

b) Que transcorrese en todo caso o prazo de dez días hábiles dende a entrega da notificación ou dende a publicación substitutoria, sen que o propietario reclamase a entrega do animal.

En caso de que non concorran estes dous requisitos ó vencemento do prazo de vinte días hábiles dende a súa recollida, a adquisición da propiedade por parte da Deputación Provincial adiarase ata o seu total cumprimento.

A mera comunicación, por parte do propietario, da súa condición de tal non interromperá o transcurso do prazo nin impedirá a adquisición do animal por parte da Deputación, agás no suposto excepcional de que se acrediten causas de forza maior que impidan a recollida efectiva do animal por parte do propietario, suposto no que, previa declaración da concorrencia da dita causa excepcional, suspenderase o prazo de que dispón o propietario para a recollida por máximo de quince días hábiles.

Unha vez adquirida a propiedade do animal, a Deputación quedará habilitada para a súa cesión a terceiras persoas ou o seu sacrificio, nos supostos en que proceda este último conforme ó establecido na presente ordenanza.

7. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Deputación Provincial poderá ordenar o inmediato sacrificio do animal nos seguintes supostos:

a) Cando sexa estritamente necesario por razóns sanitarias, tanto de protección da saúde pública como para garantir o mantemento das condicións sanitarias dos centros de recollida e a evitación de riscos de contaxio de enfermidades entre os animais.

b) Nos supostos de sacrificio por razóns humanitarias, debidamente xustificado mediante informe veterinario.

Artigo 3. Do servizo de recepción de cans e gatos nos centros de recollida

1. O servizo de recepción e mantemento de cans e gatos nos centros de recollida comprende a aceptación da cesión dos animais voluntariamente entregados polos seus donos ou posuidores e o seu mantemento ata tanto estes non sexan adoptados por unha terceira persoa, reacollidos polo cedente ou sacrificados no suposto de que non fose posible a adopción nin a recollida.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Este servizo refírese unicamente ós cans e gatos, sen que en ningún caso se admita a entrega doutro tipo de animais.

2. No momento de realizar a entrega do animal, o cedente deberá acreditar a súa titularidade ou xustificar a súa posesión, e facer entrega da cartilla sanitaria correspondente.

No suposto no que o animal non dispoña de microchip e non estea debidamente rexistrado, vacinado e desparasitado, procederase á realización destes trámites e actuacións por parte dos servizos da Rede.

A entrega do animal documentarase mediante acta administrativa, coa conformidade expresa do interesado, producíndose no momento da súa sinatura a transmisión da propiedade do animal á Deputación Provincial. Na acta de entrega figurarán os datos identificativos do animal e do cedente, e aqueles outros que se esixan pola lexislación vixente.

A entrega do animal terá sempre carácter gratuíto, sen prexuízo da liquidación ó cedente das taxas que correspondan ó servizo de recepción e mantemento, que retribuirán exclusivamente o custe do servizo para a administración.

Artigo 4. Do servizo de entrega en adopción

1. O servizo de entrega en adopción consistirá na posta a disposición e entrega en propiedade ás persoas que o soliciten dos animais recollidos na Rede de titularidade da Deputación.

2. Poderán obter a entrega en adopción dos animais da Rede as persoas físicas que o soliciten e reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser maiores de idade e con plena capacidade de obrar.

b) Non ter antecedentes penais por delitos ou faltas relacionados co maltrato ou abandono dos animais nin ter sido sancionado pola comisión de infraccións administrativas consistentes no maltrato ou abandono de animais.

c) Asumir expresamente o cumprimento das obrigas propias dos posuidores de animais domésticos e salvaxes en cativeiro establecidas pola lexislación galega de protección destes animais.

3. Poderán tamén obter a entrega en adopción dos animais da Rede as asociacións de protección e defensa dos animais que estean debidamente inscritas no rexistro correspondente da Xunta de Galicia.

4. Os interesados solicitarán por escrito a entrega en adopción, mediante os modelos normalizados que se establezan para o efecto, nos que se identificará o animal solicitado. No

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

caso de persoas físicas, a solicitude incluirá unha declaración responsable do cumprimento do requisito sinalado na letra b) do apartado 1 do presenta artigo.

5. A presentación da solicitude no rexistro de calquera centro de recollida pertencente á rede ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común implicará automaticamente a reserva do animal a favor do solicitante. O animal solicitado non poderá ser cedido en adopción a outra persoa ata tanto non se resolva o procedemento iniciado coa solicitude.

6. Unha vez comprobado que o solicitante reúne os requisitos, autorizarase a entrega mediante resolución da Presidencia, procedéndose á subscrición dun contrato entre a Deputación e o adoptante, no que constará expresamente o compromiso de cumprimento das obrigas propias dos posuidores de animais domésticos, enumerándose claramente as ditas obrigas.

Con fin de axilizar o procedemento, a Presidencia poderá autorizar a subscrición anticipada dos contratos no momento de realizarse a solicitude, condicionada á súa autorización, así como a delegación da sinatura dos contratos nun funcionario adscrito á Rede.

7. A cesión terá carácter gratuíto, sen prexuízo da devindicación das taxas correspondentes con cargo ó cedente, que retribuirán o custe do servizo de entrega para a administración, e en ningún caso terán carácter de contraprestación patrimonial pola mera entrega do animal.

8. A transmisión da propiedade do animal producirase coa súa entrega ó interesado, trala autorización previa da Presidencia e a subscrición do correspondente contrato.

9. A Deputación Provincial poderá encomendar a xestión material da oferta e entrega de animais en adopción a asociacións sen ánimo de lucro de protección e defensa dos animais inscritas no correspondente rexistro da Xunta de Galicia. A encomenda de xestión realizarase mediante convenio de colaboración e terá carácter gratuíto, sen prexuízo da posibilidade do recoñecemento á asociación do dereito á percepción dunha subvención que compense os gastos que supoña a súa xestión, nos termos que prevea o correspondente convenio.

En todo caso, a labor das asociacións limitarase á intermediación cos interesados na adopción, que deberá ser obxecto de autorización a través do procedemento previsto neste artigo. As asociacións actuarán en todo momento por conta da Deputación Provincial.

Artigo 5. Do servizo de sacrificio

1. O servizo de sacrificio dos animais de titularidade da Deputación prestarase exclusivamente nos seguintes supostos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

a) Animais extraviados ou abandonados cando os seus anteriores propietarios ou posuidores non procedan á súa retirada voluntaria do centro e os animais teñan que ser sacrificados o non poder ser entregados en adopción no prazo de tres meses dende a súa recollida e non existir prazas suficientes na rede de centros de animais.

b) Animais domésticos entregados voluntariamente nun centro, cando os animais non puidesen ser entregados en adopción no prazo de tres meses dende a súa recollida e non existan prazas suficientes na rede de centros de animais

c) Cando sexa estritamente necesario por razóns sanitarias, tanto de protección da saúde pública como para garantir o mantemento das condicións sanitarias dos centros de recollida e a evitación de riscos de contaxio de enfermidades entre os animais.

d) Nos supostos de sacrificio por razóns humanitarias, debidamente xustificado mediante informe veterinario.

2. O servizo prestarase sempre de oficio. En ningún caso se procederá ó sacrificio de animais a instancia de parte.

O sacrificio dos animais será autorizado previamente pola Presidencia, previo informe do director da Rede, no que se deberá acreditar a concorrencia dalgún dos supostos previstos no apartado 1 do presente artigo.

O sacrificio levarase a cabo mediante procedementos autorizados baixo control veterinario, para evitar sufrimentos, de xeito que o método empregado implique a perda inmediata da consciencia e o mínimo sufrimento posible. O método empregado, en todo caso, deberá ser un dos autorizados pola lexislación vixente.

A persoa responsable do sacrificio dos animais deberá asegurarse de que este estea morto antes de retirar-lo cadáver.

Artigo 6. Do servizo de cremación

O servizo de cremación consistirá na eliminación mediante incineración dos cadáveres dos animais acollidos na Rede.

O servizo prestarase tamén ós concellos ou entidades que exerzan as súas competencias en materia de recollida de residuos sólidos urbanos, para a eliminación dos cadáveres dos animais domésticos de compañía. En ningún caso se entenderán incluídos nestes concepto os animais procedentes de explotacións pecuarias.

Título II.- Dos procedementos de xestión dos animais baixo tutela da Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados

Artigo 7.- Dos procedementos de xestión dos animais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

1. Os procedementos de xestión dos animais comprenden o conxunto de trámites que deben realizarse respecto de cada animal que ingrese na Rede, ata o seu sacrificio ou adopción.

2. As actuacións levadas a cabo cos animais inscribíranse no libro – rexistro da rede, que se levará mediante medios informáticos.

3. Para os efectos previstos na presente ordenanza, consideraranse propietarios ou posuidores dos animais domésticos ós que figuren como tales na información que conste no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía segundo o número de serie que obre no microchip, ou na placa ou tatuaxe do animal, ou aquel cuxa titularidade ou posesión do animal lle conste acreditada á administración provincial mediante calquera outro medio de proba admisible en Dereito.

Poderán ter a condición de propietario ou posuidor do animal tanto as persoas físicas e xurídicas como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria.

4. Poderán establecerse rexistros de entrada de documentos nos centros de recollida da Rede, que terán carácter de rexistros auxiliares do rexistro xeral de entrada e saída de documentos da Deputación, e deberán estar integrados neste.

5. No non establecido neste título, aplicaranse as normas do procedemento administrativo común.

Artigo 8.- Do procedemento de xestión dos animais abandonados.

1. Unha vez que os animais teñan entrada na Rede, procederase á localización do seu propietario ou posuidor, notificándolle o feito da recollida do animal e outorgándolle un prazo de dez días hábiles para a súa recollida.

No suposto en que o propietario ou posuidor resulte descoñecido, a notificación realizarase mediante anuncio publicado no BOP e na sede electrónica da Deputación, no que se incluírán o maior número posible de datos para a identificación do animal, incluíndo a publicación dunha fotografía na sede electrónica.

2. Transcorrido o prazo de vinte días hábiles dende a súa recollida, e sempre que se verifique trámite de notificación e publicación previsto no apartado anterior sen que o propietario se fixese cargo do animal no prazo sinalado, este pasará a ser propiedade da Deputación, pasando a integrarse no programa de adopción.

3. No suposto no que o propietario non recolla ó animal no prazo concedido, a Deputación dará traslado deste feito, de oficio, á Xunta de Galicia, para os efectos da incoación do correspondente procedemento sancionador por falta grave.

Artigo 9.- Do procedemento de xestión de animais domésticos entregados voluntariamente.

Os animais domésticos entregados voluntariamente polos seus propietarios ou posuidores pasarán automaticamente a integrarse no programa de adopción dende o momento da súa entrega.

Artigo 10.- Do procedemento de adopción.

1. O procedemento de adopción, tanto se é xestionado directamente pola Deputación Provincial como si se realiza coa colaboración dunha asociación de protección e defensa dos animais, levarase a cabo mediante a realización dunha oferta pública de adopción a través dunha páxina web de libre acceso, sen prexuízo da posibilidade do emprego de calquera outros medios de difusión da oferta de adopción. Para estes efectos, a Deputación Provincial habilitará na súa sede electrónica un espazo dedicado ó programa de adopción, no que, no seu caso, se incluírán os enlaces ás páxinas web empregadas polas asociacións de protección e defensa de animais que colaboren na xestión do programa.

2. O procedemento de adopción realizarase a instancia dos interesados, conforme ó disposto no artigo 4 da presente ordenanza. Será requisito para a entrega do animal o previo pagamento das taxas correspondentes en período voluntario. O incumprimento deste requisito determinará automaticamente a caducidade da resolución autorizando a adopción.

3. Os anteriores propietarios ou posuidores dos animais integrados no programa de adopcións non terán a consideración de interesados nos expedientes de adopción, polo que non se lles practicará ningún tipo de notificación no procedemento.

Artigo 11. Do procedemento de sacrificio.

1. O procedemento de sacrificio iniciarase de oficio, mediante informe – proposta de carácter motivado formulada polo director da Rede antes a Presidencia.

2. Da dita proposta darase audiencia previa ás asociacións de protección de defensa dos animais da provincia, informándolles do seu dereito a adoptar o animal no dito prazo.

Sen prexuízo do anterior, calquera persoa que reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza poderá adoptar ó animal antes de que teña lugar o sacrificio.

3. Non procederá o trámite de audiencia previa nos supostos previstos nos apartados c) e d) do artigo 5.1 da presente ordenanza.

4. A resolución autorizando o sacrificio adoptarase se ningunha persoa adoptase ó animal tra.lo trámite de audiencia previsto no apartado 2.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Non obstante o anterior, a resolución ordenando o sacrificio suspenderá automaticamente os seus efectos se, antes da súa execución material, calquera persoa manifesta a súa vontade de adoptalo. A suspensión manterase ata a conclusión do procedemento de adopción.

Artigo 12.- Do Libro Rexistro de Animais da Rede.

1. Os centros da Rede levarán, en soporte informático, un Libro – Rexistro dos animais, nos que se recollerán os actos administrativos relativos á súa xestión.

2. O Libro – Rexistro conterá unha folla individual para cada animal, na que se inscribirán:

- O ingreso do animal na Rede, incluíndo a data, os seus datos de identificación, unha descrición e unha fotografía, e as circunstancias relevantes do seu estado legal e sanitario, incluíndo os datos do seu propietario ou posuidor, se constasen.

- A adquisición da propiedade dos animais abandonados pola Deputación, indicando a data na que se produciu.

- A entrega en adopción do animal. Incluirase a identidade da persoa adoptante e a data de autorización e de entrega.

- O sacrificio do animal. Incluirase a data da resolución e a de execución material da orde de sacrificio.

Disposición transitoria

Ata tanto non estean dispoñibles os sistemas e aplicacións necesarios para a xestión informática do Libro – Rexistro de Animais da Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados, este poderá xestionarse en soporte papel, mediante libros de follas móbiles autorizados pola secretaría xeral da Deputación.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrera o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2º) Someter este acordo a información pública por período de trinta días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial de Provincia, para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións que, se é o caso, serán resoltas polo Pleno. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo.

6º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS PO9LOS SERVIZOS PRESTADOS NA REDE DE CENTROS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS.-

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente coa do punto anterior.

Non se producen intervencións e, a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención do deputado presente do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos prestados pola Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, co seguinte contido:

Título preliminar: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial de aplicación.

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ós servizos intermunicipais prestados pola Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, creada en virtude do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 4 de xaneiro de 2013.

2. Os servizos para cuxa prestación se impón o pagamento dunha taxa son os seguintes:

- a) Recollida de animais domésticos extraviados
- b) Recepción e mantemento nos centros de recollida dos animais domésticos de compañía (cans e gatos) que sexan entregados voluntariamente polos seus propietarios.
- c) Entrega en adopción dos animais recollidos.
- d) Cremación de animais domésticos de compañía.
- e) Sacrificio de animais, no suposto en que este servizo sexa de recepción obrigatoria para os seus propietarios ou posuidores.

3. A aprobación desta Ordenanza fiscal por parte da Deputación Provincial de Ourense realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos adheridos ó dito convenio marco. O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza estará integrado polos termos municipais dos ditos concellos, incluídos aqueles que se integren con posterioridade á súa entrada en vigor.

Título primeiro: Da taxa polo servizo de recollida de animais abandonados ou extraviados

Artigo 2. Feito imponible

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

1. Constitúe o feito imponible da taxa do servizo de recollida de animais extraviados ou abandonados a recollida de animais extraviados ou abandonados e o seu mantemento nun centro de recollida, previo á súa entrega ó propietario ou posuidor, ou ó seu sacrificio ou entrega en adopción. O servizo declárase de recepción obrigatoria para os propietarios ou posuidores dos animais.

2. A taxa non inclúe o servizo de sacrificio e cremación do animal. No suposto de que sexa necesaria a prestación destes servizos, devindicarán as taxas correspondentes, que serán liquidados ó propietario ou posuidor de xeito independente.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os que teñan a consideración de propietarios ou posuidores dos animais recollidos.

Artigo 4. Devindicación

A taxa devindicarase no momento en que se presten os servizos gravados (recollida e estancia do animal no centro de recollida) e ata a súa entrega efectiva ó propietario ou posuidor ou ata o seu sacrificio.

Artigo 5. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

a) Tarifa fixa polo servizo de recollida do animal, nalgunha das seguintes dúas modalidades:

a.1) Tarifa por recollida especial: nos casos en que a recollida esixa o emprego de técnicas de minimización do animal (dardos anestésicos ou análogas): establécese unha tarifa de 70 euros por animal recollido.

a.2) No resto de supostos, establécese unha tarifa de 50 euros por animal recollido.

b) Tarifa pola estancia do animal no centro de recollida, ata a data da súa recollida voluntaria polo propietario, a súa entrega en adopción ou o seu sacrificio: 3,5 euros por día completo de estancia ou fracción.

Título II: Da taxa pola prestación do servizo de recepción e mantemento nos centros de recollida dos animais domésticos que sexan entregados voluntariamente polos seus propietarios.

Artigo 6. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa por recepción de animais a recepción nos centros de recollida dos animais domésticos de compañía (cans e gatos) que sexan entregados voluntariamente polos seus propietarios ou posuidores, incluíndo o seu mantemento no centro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

ata a súa entrega en adopción ou sacrificio. En ningún caso esta taxa terá a consideración de contraprestación patrimonial pola mera entrega do animal, que como tal terá carácter gratuíto.

2. A taxa non inclúe o servizo de sacrificio e cremación do animal. No suposto de que sexa necesaria a prestación destes servizos, devindicaranse as taxas correspondentes, que serán liquidadas ó propietario ou posuidor de xeito independente.

Artigo 7. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os que teñan a consideración de propietarios ou posuidores dos animais recollidos, e realicen a entrega do animal nun centro integrado na Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados

Artigo 8. Devindicación

A taxa devindicarase no momento en que se entregue o animal, ben sexa no propio centro, ben no domicilio ou lugar de recollida que indique o propietario ou posuidor.

Artigo 9. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

a) Por cada animal entregado: 35 euros.

b) Pola recollida no domicilio ou lugar de recollida que indique o propietario: aplicaranse ademais da tarifa recollida no apartado a), as tarifas previstas nos apartados a.1 ou a.2 do artigo 5, segundo proceda.

Título III: Da taxa pola prestación do servizo de entrega en adopción de animais domésticos

Artigo 10. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa do servizo de entrega en adopción de animais a entrega en propiedade a unha persoa física ou xurídica dun animal doméstico existente no centro, nas condicións previstas na ordenanza reguladora do servizo. Inclúense no feito imponible a prestación dos servizos de colocación do microchip, vacinación e desparasitación do animal entregado, no suposto de que sexan necesarios para garantir a entrega do animal en perfectas condicións hixiénico – sanitarias, así como a expedición dun certificado veterinario do estado de saúde do animal no momento da entrega. En ningún caso esta taxa terá a consideración de contraprestación patrimonial pola mera entrega do animal, que como tal terá carácter gratuíto.

Artigo 11. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os que adquiren voluntariamente os animais existentes no centro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Artigo 12. Devindicación

A taxa devindicarase no momento en que se solicite por escrito a entrega en adopción do animal.

Artigo 13. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación dunha tarifa fixa de 40 euros por cada animal entregado.

Non obstante, establécense as seguintes tarifas especiais:

- a) Cando o suxeito pasivo fose o anterior propietario ou posuidor do animal: 100 euros.
- b) Cando o suxeito pasivo sexa unha asociación de protección e defensa dos animais que teña a condición de entidades colaboradora da Deputación, ó ter subscrito un convenio de colaboración coa Rede de Centros: 20 euros. Esta tarifa especial só se aplicará nos casos en que sexa a propia asociación a que adopte o animal. Nos casos nos que a asociación realiza unha labor de intermediación na xestión da adopción, o suxeito pasivo será a persoa que adopte o animal, e as tarifas aplicables serán a xeral de 40 euros ou a especial de 100 euros, de se-lo caso.

Título IV. Da taxa pola prestación do servizo de sacrificio.**Artigo 14. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa por sacrificio a prestación do servizo de sacrificio de animais domésticos, nos supostos en que este servizo teña carácter obrigatorio para o suxeito pasivo.

Para estes efectos, declárase obligatoria a prestación do servizo de sacrificio de animais domésticos para os suxeitos pasivo que se atopen nos seguintes supostos:

- a) Os propietarios ou posuidores de animais extraviados ou abandonados cando non procedan á súa retirada voluntaria do centro e os animais teñan que ser sacrificados ó non poder ser entregados en adopción no prazo que estableza a ordenanza reguladora do servizo.
- b) Os propietarios ou posuidores de animais domésticos que os entreguen voluntariamente nun centro, cando os animais teñan que ser sacrificados ó non poder ser entregados en adopción no prazo que estableza a ordenanza reguladora do servizo e non opten por recollelos.

Artigo 15. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa os propietarios ou posuidores dos animais sacrificados que se atopen nos supostos recollidos nos apartados a) e b) do artigo anterior.

Artigo 16. Devindicación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

A taxa devindicarase no momento en que se adopte a resolución pola que se ordena o sacrificio dos animais. Esta resolución seralles notificada conforme ó establecido na lexislación xeral tributaria e incluírá a liquidación da taxa.

Nos supostos en que o propietario ou posuidor fose descoñecido no momento de ordenarse o sacrificio do animal, a publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia equivalerá á notificación.

Sen prexuízo da devindicación da taxa no momento da adopción da orde de sacrificio do animal, se finalmente este non se realizase por ser entregado o animal en adopción ou recollido polo propietario ou posuidor, a liquidación quedará sen efecto, procedéndose de oficio, de se-lo caso, á devolución do ingreso indebido realizado.

Artigo 17. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

- a) Polo sacrificio de animais de peso igual ou inferior a 10 quilogramos: 15 euros
- b) Polo sacrificio de animais de peso superior a 10 quilogramos: a tarifa fixa sinalada no apartado a), á que se lle engadirá 0,50 euros por cada quilogramo ou fracción que exceda dos 10 quilogramos de peso.

Título V: Da taxa pola prestación do servizo de cremación de animais domésticos.**Artigo 18. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa do servizo de cremación de animais domésticos a prestación consistente na eliminación, mediante incineración, dos cadáveres dos animais domésticos que se entreguen nos centros de recollida polos propietarios, polos servizos municipais de recollida de residuos sólidos urbanos ou polos servizos da propia rede de centros.

Igualmente, esta taxa gravará a prestación do servizo de cremación dos animais entregados ou recollidos nos centros que deban ser sacrificados, nos supostos previstos pola ordenanza reguladora do servizo.

O servizo declárase de recepción obrigatoria para os propietarios ou posuidores de animais extraviados que sexan recollidos pola rede de centros, e para os propietarios ou posuidores que entreguen voluntariamente animais ós centros da rede, nos supostos en que estes animais deban ser sacrificados.

Artigo 19. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes:

- a) Os propietarios ou posuidores dos cadáveres entregados ou recollidos. Inclúese neste suposto ás entidades públicas ou privadas que xestionen os servizos municipais de recollida de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

residuos sólidos urbanos e entreguen os cadáveres recollidos no exercicio desa función, ou soliciten a súa recollida polos servizos da Rede de Centros.

b) O propietario ou posuidor que entregue voluntariamente ó animal vivo, cando este animal deba ser sacrificado.

c) O propietario ou posuidor do animal extraviado ou abandonado que sexa obxecto de recollida, cando o animal deba ser sacrificado.

Artigo 20. Devindicación

A taxa devindicárase no momento da entrega ou recollida efectiva do cadáver, ou no momento en que se adopte a resolución ordenando o sacrificio, nos supostos previstos nos apartados b) e c) do artigo 19.

Non obstante o anterior, e sen prexuízo da devindicación da taxa no momento da adopción da orde de sacrificio do animal, se finalmente este non se realizase por ser entregado o animal en adopción ou recollido polo propietario ou posuidor, a liquidación quedará sen efecto, procedéndose de oficio, de se-lo caso, á devolución do ingreso indebido realizado.

Artigo 21. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

a) Tarifa fixa por cremación: establécese en función do peso do cadáver, do seguinte xeito:

a.1) Cadáveres de animais domésticos de peso igual ou inferior a 10 quilogramos: 10 euros.

a.2) Cadáveres de animais domésticos de peso superior a 10 quilogramos: a tarifa fixa sinalada no apartado a.1), á que se lle engadirá 1 euro por cada quilogramo ou fracción que exceda dos 10 quilogramos de peso.

b) Tarifa por recollida do cadáver a domicilio ou en espazos públicos: 50 euros.

Título VI. Disposicións comúns

Artigo 22. Actualización das tarifas das taxas.

As tarifas das taxas reguladas na presente ordenanza fiscal actualizaranse automaticamente o 1 de xaneiro de cada exercicio posterior a 2014, por referencia ó índice oficial de prezos ó consumo aprobado polo Instituto Galego de Estatística.

Artigo 23. Normas comúns relativas ós elementos esenciais das taxas.

1. Na aplicación das taxas establecidas e reguladas na presente ordenanza, consideraranse propietarios ou posuidores dos animais domésticos ós que figuren como tales na información que conste no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía segundo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

o número de serie que obre no microchip, ou na placa ou tatuaxe do animal, ou aquel cuxa titularidade ou posesión do animal lle conste acreditada á administración provincial mediante calquera outro medio de proba admisible en Dereito.

2. Poderán ter a condición de propietario ou posuidor do animal tanto as persoas físicas e xurídicas como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria.

3. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei Xeral Tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

3. A prestación dos servizos gravados coas taxas establecidas na presente ordenanza constituirá un feito impositivo diferenciado para cada animal con respecto ó que se preste ó servizo, dando lugar á devindicación da correspondente taxa, incluso nos supostos en que varios animais pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

Artigo 24.- Normas comúns de xestión, liquidación, inspección e recadación

1. O pagamento das taxas será requisito previo para a prestación dos servizos gravados con carácter xeral, agás no suposto da prestación de servizos a suxeitos pasivos cuxa identidade se descoñeza no momento da prestación.

2. Nos supostos de pago previo á prestación dos servizos, as taxas esixiranse en réxime de autoliquidación, que será realizada polo interesado coa asistencia do persoal encargado dos centros de recollida. Realizado o pagamento, expedirase e entregarase ó interesado un recibo acreditativo.

O pagamento poderá realizarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria, ingreso en conta en entidade de crédito colaboradora ou mediante calquera outro medio autorizado pola presidencia da Deputación Provincial, sempre que nos puntos de entrega existan os medios materiais para a súa realización.

3. Nos supostos en que os servizos se presten nun momento no que se descoñeza a identidade do suxeito pasivo, a taxa esixirase en réxime de liquidación, que será realizada polo órgano competente da Deputación, tramitándose no Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

4. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

Título VII. Réxime sancionador

Artigo 25. Infraccións e sancións.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable ó efecto.

Disposición derogatoria.

Queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que contradiga, se opoña ou resulte incompatible co disposto na presente ordenanza fiscal.

En particular, queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida, transporte e custodia de cans no concello do Carballiño (publicada no BOP n.º 86 do 17 de abril de 2009, e modificada parcialmente por acordo publicado no BOP n.º 298 do 29 de decembro de 2012).

Disposición derradeira.-

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor a partir do día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

2º) Someter este acordo a información pública por período de trinta días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial de Provincia, para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións que, se é o caso, serán resoltas polo Pleno. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo.

7º.- PRÓRROGA CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE SA, PARA A XESTIÓN DAS MICROPLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DA PROVINCIA DE OURENSE.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, adianta o voto en contra do seu grupo, posto que despois da presión e das negociacións promovidas polos concellos, que se negan a asumir a suba do canon previsto por SOGAMA, o PP respondeu ante a modificación do Plan de Residuos cunha autoemenda para demorar o incremento ata o 1 de xullo. Esta proposta é claramente insuficiente para a FEGAM, que propuña que esta moratoria fora utilizada para consensuar solucións. A resposta do Goberno do Partido Popular foi a imposición e a ameaza (tamén desde SOGAMA) con entrar no Fondo de Compensación dos concellos que se neguen a pagar. A decisión da Consellería foi unha medida unilateral por moito que se queira vender

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

como acordo e, por tanto, imposta sen que en ningún caso existira vontade de buscar unha solución. A posición do goberno do Partido Popular está a contrariar a práctica totalidade dos concellos do país, incluídos moitos do Partido Popular, aínda que por razóns obvias non o poidan dicir abertamente. Para o BNG, SOGAMA é un modelo esgotado e existen alternativas, aínda que no Partido Popular non se queiran ver e, se se ven, non se quere dicir que se viron.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que neste tema si que vai ter que ser incisivo. Xa dixo antes que os seus erros non supoñen nada para os cidadáns pero os do Sr. presidente si. Nas comisións do lixo ten manifestado que o que acontece coas plantas de transferencia da Comarca do Ribeiro é vergoñento. As plantas de transferencia son da Deputación e estes convenios que se fan con SOGAMA son para recibir as achegas que fai SOGAMA polo traslado dos residuos. A planta do Ribeiro está cedida a unha mancomunidade (na que só quedan catro concellos) que o único que fai é chantaxear. Pero non é que chantaxee aos concellos que non están dentro da mancomunidade, senón que chantaxea á propia Deputación, porque a Deputación non pode verter o lixo na súa propia planta de transferencia. Isto, noutra situación, chamaríase doutro xeito que non vai dicir, pero é unha realidade que é coñecida tanto polo presidente como polo vicepresidente. Polo tanto, non poden pretender que o Grupo Socialista vote a favor deste asunto. Votarán en contra non só porque lle afecte ao seu concello (Ribadavia), senón porque lles afecta a máis de vinte mil persoas que non poden levar o lixo que se xera a dous quilómetros da súa casa. Isto trae consigo que, por exemplo, nun concello se puidesen aforrar seis mil euros ao ano (que aforraría tamén a propia Deputación) e por enriba a esta planta se lle van dar cartos desde SOGAMA por trasladar os residuos. Pídelle ao presidente que solucione dunha vez este problema, e que non só vaia darlle palmadas no ombro ao presidente da mancomunidade. Hai un ano a mancomunidade fixo unha ordenanza que sae moito máis cara que calquera outra ordenanza dunha planta de transferencia (que por certo, é gratis verter para os concellos). Empraza ao Sr. presidente para que cando se lles faga a liquidación aos concellos que teñen delegada a recollida na Deputación e que non poden verter alí, se lles faga unha bonificación. Fálase da división de voto do Partido Socialista, algo que non fai o PP, pero o peor é que o PP non arranxa os problemas e o Sr. presidente é incapaz de traer ao rego a unha mancomunidade integrada por concellos do Partido Popular (menos un). Isto demostra a incapacidade do Sr. presidente porque non dá solucionado este problema que afecta a máis de vinte mil cidadáns da comarca do Ribeiro, e ven aquí facer grazas se el equivoca nun número, en dous ou en tres. O Sr. presidente trae este asunto ao Pleno como se fose o mellor xestor do mundo, e el pensa que non sabe xestionar a Deputación, non sabe

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

impoñerse nin aos seus, polo que a xestión é nefasta. Di todo isto no Nadal para ver se soluciona, porque igual ven esa estrela na que cren e de súpeto, ao mellor, ver a luz. O que está pasando alí é indignante e pensa que xa tivo bastante paciencia, pero chega o momento en que un ten que dicir o que pasa para ver se así se fai algo para poder arranxalo, porque a boa vontade non funciona. O ano pasado, cando a planta de transferencia do Carballiño (que é onde verter) tivo que restaurar avarías comprensibles, os demais concellos non podían verter na planta do Ribeiro. Tivo que ser un funcionario desta Deputación o que arranxara a situación. Os camións do lixo de Ribadavia (que custan uns 40 millóns das antigas pesetas) teñen que durmir na rúa custodiados pola garda civil, porque a Deputación é incapaz de chegar a un acordo coa mancomunidade. Dille ao Sr. presidente que se non é capaz de solucionar isto vai ter un problema xudicial coa Unión Europea, que foi quen destinou o diñeiro para estas plantas. Por último pídlle que o solucione dunha vez e senón que bonifique aos concellos que non poden verter nesa planta. O seu grupo nunca criticou o servizo da recollida de lixo que existe na Deputación, outra cousa é querer privatizalo, e o seu grupo fará todo o posible para que isto non suceda. O grupo de goberno debería sentirse orgulloso pola prestación deste servizo, pero na comarca do Ribeiro é vergonzoso o que está a pasar.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Gómez Pérez que non pode dicir que os seus erros non teñen transcendencia, e pídlle respecto para os seus electores, porque os erros teñen responsabilidade (máis grande ou máis pequena). En canto a que o Sr. presidente se ten que impor, di que nin os alcaldes llo permiten nin é o seu estilo, porque a democracia se basea no mutuo respecto e na discrepancia, e a partir de aí tómanse as decisións. Non coñece imposicións no seu partido e se algún día as hai el marchará. Para maior información dos membros da Corporación e da cidadanía en xeral, di que o servizo supramunicipal de transferencia de RSU da Deputación Provincial se creou por acordo do Pleno do 10 de abril de 2006. No dito acordo estableceuse o ámbito territorial de cada microplanta e delegouse a súa xestión na mancomunidade existente en cada comarca. Na actualidade, todas as microplantas da provincia son xestionadas pola Deputación Provincial (9 en total) agás 2, xestionadas pola mancomunidade por delegación (planta do Ribeiro e planta de Terras de Celanova). No caso da planta do Ribeiro, con data 29 de outubro de 2010, o Pleno da Deputación aprobou un convenio coa mancomunidade para regular a súa xestión delegada (convenio que foi igualmente aprobado polo pleno da mancomunidade o 30 de novembro de 2010), que está actualmente en vigor e no que se regula a obrigaón da mancomunidade de garantirilles a xestión do servizo aso municipios incluídos no ámbito territorial da microplanta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

(Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia) con independencia da relación que os ditos concellos teñan coa mancomunidade. Pódese excluír do servizo unicamente aos concellos que non teñan contrato en vigor con SOGAMA ou que non estean ao corrente do pagamento da taxa do servizo de transferencia de RSU, no caso de que a mancomunidade a teña establecida. Neste sentido, a Mancomunidade do Ribeiro aprobou, o 27 de setembro de 2012, unha ordenanza fiscal, publicada no BOP do 12 de decembro de 2012, sen que conste que esta ordenanza fose impugnada. Á vista do marco convencional citado, é evidente que calquera concello que teña un problema coa mancomunidade deber resolvelo polas canles legais específicas, podendo comunicarlle á Deputación Provincial calquera incidencia que se produza co obxecto de que esta Deputación poida, se é o caso, adoptar as medidas oportunas que poderían incluír a revogación da delegación. Adianta sente sentido, e con espírito colaborador, sen ánimo de impor nada, o Sr. presidente da Corporación convocará para o vindeiro mes de xaneiro a comisión de seguimento, para tratar este problema.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o convenio de 2010 é moi coñecido xa na súa comarca. Cando falou de imposición non se refería a imposición de voto ou doutras cuestións que a el non lle preocupan, falaba de que o máximo responsable da institución, que é o Sr. presidente, debe impoñerse a aqueles que non permiten que unha planta de transferencia, feita pola Deputación con cartos públicos, non lles dea servizo aos concellos. A convocatoria da comisión de seguimento que anunciou o Sr. Álvarez Dobaño vai quedar igual que outras que se fan nesta casa. Lembra que o Grupo Socialista hai un ano e con espírito construtivo, presentou unha moción neste pleno para que se arranxase o problema, e o día anterior á celebración dun pleno en Ribadavia no que se ía tratar a mesma moción, que contaba con alegacións suficientes, xa que se pedía que se revogara a delegación á Deputación, o Partido Popular en Ribadavia di que vai votar en contra da moción porque se vai aprobar unha ordenanza pola mancomunidade ao día seguinte. El díxolle ao Partido Popular de Ribadavia que esa ordenanza non ía cumprir coas expectativas, senón que ía ser novamente unha chantaxe. Evidentemente ao día seguinte aprobouse a ordenanza. O convenio citado recollía a varios concellos, pero desde a mancomunidade dise que se estás nela podes verter, pero se non estás na mancomunidade non podes verter. Pregunta se pensan que é normal facer unha ordenanza sen contar cos concellos afectados. A mancomunidade non a deixou só o Partido Socialista de Ribadavia, senón que se foron varios concellos gobernados polo Partido Popular e cada un sabe polo que se foi da mancomunidade. Reitera que o Sr. presidente debe impoñerse e facer valer o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

que por lei debe facer esta Deputación, porque se non é así o problema non se arranxa, e se seguimos así esta casa vai ter problemas xudiciais. Por último di que dispón da ordenanza mencionada e cre que non é xusto que os concellos que integran a mancomunidade teñan o servizo gratuíto e aos demais lles custe cartos, por culpa do capricho dun señor que está sentado nun despacho no que xa non debería estar, porque o único que sabe facer é dano aos cidadáns. Pídelle ao grupo de goberno que non defenda o indefendible e que se poñan, neste caso, do outro lado, no que xa se tiñan que ter posto desde hai tempo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non lle gusta a palabra impoñer, e como en todos os sitios cocen fabas non vai utilizar máis esa palabra. En canto ás alegacións, di que aínda que non se estea na mancomunidade sempre se poden facer alegacións, para iso se expón ao público. O grupo de goberno non se puxo a favor nin en contra de ninguén, na súa intervención dixo e repite para que quede claro, que se pode excluír do servizo unicamente aos concellos que non teñan contrato en vigor con SOGAMA ou que non estean ao corrente do pagamento da taxa do servizo de transferencia de residuos sólidos urbanos no caso de que a mancomunidade a teña establecida. Polo tanto, e xa que estamos en Nadal, manifesta os seus desexos de que esa comisión de seguimento que convocará o presidente no mes de xaneiro teña bos resultados. Pide que se vote a favor deste convenio porque é moi importante para todos os concellos da provincia.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do deputado presente do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Prorrogar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega de Medio Ambiente, SA, para a xestión das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense, por un período de dous anos, ata o 31 de xaneiro de 2016.

8º.- PRÓRROGA DOS DISTINTOS CONVENIOS DE COOPERACIÓN SUBSCRITOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE JPARA A PRESTACIÓN, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DOS SERVIZOS DE LIMPEZA VIARIA EN DIFERENTES MUNICIPOS DA PROVINCIA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención do deputado presente do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Prorrogar, ata o 31 de decembro de 2014, os actuais convenios de cooperación para a xestión delegada por parte da Deputación dos servizos de limpeza viaria, nos municipios de Viana do Bolo (convenio publicado no BOP n.º 11 do 15 de xaneiro de 2010), e Carballeda de Valdeorras (convenio publicado no BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2010).

2º.- Unha vez recibidos os acordos de aprobación da prórroga dos concellos afectados, o presente acordo será obxecto de publicación no BOP, para xeral coñecemento.

9º.- PRÓRROGA DOS DISTINTOS CONVENIOS DE COOPERACIÓN SUBSCRITOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DE PUNTOS LIMPOS.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que a rede de puntos limpos é boa para esta provincia, engadindo o esforzo dos concellos para poñelos en marcha. Con esta rede estase a conseguir que cada vez existan menos vertedoiros incontrolados co conseguente beneficio medioambiental e económico. Anuncia que votarán a favor, aínda que queda moito por facer para que isto moito máis útil do que é hoxe en día.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que como reciben parabéns poucas veces, expresa o agradecemento do equipo de goberno e dos técnicos que dirixen e coordinan estes puntos limpos ao grupo do BNG por manifestar o apoio publicamente.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e por unanimidade dos vinte e tres deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Prorrogar, ata o 31 de decembro de 2014, os actuais convenios de cooperación subscritos para a prestación por parte da Deputación, en réxime de competencia delegada, do servizo intermunicipal de puntos limpos na Mancomunidade Conso-Frieiras e concellos de Viana do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Bolo e A Mezquita (BOP n.º 116 do 25 de maio de 2010 e BOP n.º 163 do 19 de xullo 2010), e Mancomunidade de Verín (BOP n.º 107, do 13 de maio de 2010).

2º.- Unha vez recibidos os acordos de aprobación da prórroga dos concellos afectados, o presente acordo será obxecto de publicación no BOP, para xeral coñecemento.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA RELATIVA Á PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA).-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que no pleno anterior retiraron esta moción porque se dixo que se ía chegar a un entendemento e que non tiña sentido presentar a iniciativa. El xa dixo daquela que desconfiaba das boas intencións do Sr. conselleiro e do presidente da Xunta. Non ten fe cega en ninguén e en política hai cuestións moi complexas. Cando algo vai contemplado nos orzamentos da Xunta é moi raro que despois se intente quitar, porque non van rabuñar de onde non queren rabuñar. No ano 2010 o Sr. presidente de SOGAMA dicía: *hoxe está fóra de toda discusión subir as taxas, pola situación de crise que estamos pasando, temos un problema de cobro cos concellos, así que se lles subimos o canon podería chegar a suceder que non cobraramos nunca*. Este rapaz (presidente das novas xeracións do Partido Popular) non é un gran pensador e xa lle gustaría ter a capacidade que tiña o anterior presidente da sociedade, porque di nun medio público outras cousas como que: *salvo que llegemos a la conclusión de que toda esta gente es una banda de incompetentes e gilipollas*. Neste caso, aínda que non é un gran pensador, podía ter razón, porque se se lles quere cobrar máis aos concellos que xa tiñan problemas para pagar, a ver como van afrontar un 34% de subida. Estase a dicir que hai un grupo duns 100 alcaldes vermellos, socialistas e nacionalistas que lle están a facer chantaxe á Xunta. Falando de imposición, di que si é imposición dicir: aquel que non pague, fóra, cando os alcaldes están a ofrecer a vía da negociación para non ter que subir ese 34%, senón que se podería chegar a unha subida máis racional. O Grupo Socialista entende que hai que facer cousas e que o lixo hai que tratalo, sen facer a demagogia que facía o Partido Popular (lembra que alguén lle deu cun cartel na cabeza dicindo incineradora non, cando aquilo non era unha incineradora). O modelo de SOGAMA está caduco e o Partido Popular non quere acometer outro, aínda que quixeron plantar unha incineradora. Non quere dicir que non haxa que seguir co modelo de queimar os residuos, que é outra forma de xerar enerxía eléctrica, e despois os cidadáns de Galicia non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

teñen beneficios por nada, incluso despois de xerarlle beneficios a esa sociedade, a factura sigue subindo, polo que pagan por dúas vías. O Partido Popular di que quen vai subir o recibo do lixo non é a Xunta senón que é SOGAMA, pero todos sabemos que o 51% desta sociedade é a Xunta de Galicia. Cando a sociedade tivo beneficios, porque os tivo moitos anos, non repartiu con ninguén, incluso (porque llo van dicir) na época do bipartito. Agora, nesta situación de crise, situación na que se xeran moitos menos residuos dos que se xeraban, os beneficios son menores, e díselles aos cidadáns que se lles vai subir un 34% máis. Esta subida faina a Xunta, igual que fai co canon da auga (cuestión que meteron pola porta de atrás) e os concellos van actuar como axentes recadadores porque, en teoría, van facer obras hidráulicas, e despois sucede que nun concello como Ribadavia, onde se teñen recadados máis de 500.000 euros, non reciben ningunha obra hidráulica. Pero ao final, o que ten que poñer a cara e dicirlles aos cidadáns que vai subir o recibo da auga ou que vai subir o recibo do lixo é o alcalde de quenda. Reitera a proposta de acordo da moción, que non le porque xa os leu no pleno pasado, pero ademais invitan ao grupo de goberno a que lles fagan caso aos alcaldes que están loitando polos seus veciños e poñendo a cara por todos. Compara isto cos sindicatos, porque se se consegue algo é a custa deses alcaldes aos que se lles chamou chantaxistas. Dille ao Sr. presidente que intente conseguir algo, porque os alcaldes están decididos a tomar medidas contundentes ante a Xunta de Galicia, aínda que e o labor dun alcalde non sexa facer de dique de contención con todo o que quere facer a Xunta, que bastantes problemas teñen. Hai concellos como o de Melón que recibía cartos da Deputación e non lles cobraba o lixo aos veciños, en cambio o recibo do lixo é algo que hai que cobrar por lei, e a xente pensaba que o alcalde de Melón era moi bo, pero claro a custa dos cartos públicos. Se se votan contas, coa subida do 34% SOGAMA vai ter uns beneficios de 10 millóns de euros e o sinxelo sería votar contas para que non haxa perdas e subir o tanto por cento adecuado para isto. Manifesta que en nada axuda o gran pensador que teñen de presidente de SOGAMA, que vende que cobra menos que o anterior, pero o barato ás veces sae caro. Para finalizar di que sería unha boa reflexión pensar en cambiar a ese presidente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, lembra que a Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúenlle a SOGAMA a xestión de residuos. A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e máis o IVE. Agora, o goberno do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía. Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo. Unha medida máis dirixida a salvar ás grandes empresas corporativas transacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas. Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega en 2014. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro. Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo Partido Popular na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran ser falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos. Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que é un modelo falido e que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran. Anuncia que na segunda quenda o BNG presentará unha emenda á moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que para un alcalde dun concello pequeno é difícil falar disto. Lembra que as dúas principais vías de ingreso coas que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

conta SOGAMA son, por un lado, o canon que lles cobra aos concellos (aproximadamente o 43% dos ingresos totais), e por outro, a venda de enerxía eléctrica producida nas súas instalacións (un 48%), o outro 9% procede doutras partidas menores. O novo escenario enerxético, que inclúe diversos cambios legislativos que se veñen producindo desde o ano 2012 co obxecto de eliminar o déficit de tarifa, debuxa un panorama complexo para SOGAMA ao diminuír considerablemente os ingresos procedentes da venda de enerxía eléctrica. Hai que recoñecer que ante este complicado contexto a empresa non quedou de brazos caídos, senón que meses atrás xa puxo en marcha un plan de acción no que se investiron grandes esforzos na busca de saídas e solucións a esta difícil situación, contemplando, entre outras, as seguintes medidas: o incremento da eficiencia do complexo medioambiental de Cerceda; o aumento das toneladas en envases lixeiros (bolsa amarela) remitidas aos centros recicladores, o que lle procura maiores ingresos a SOGAMA; e a recuperación e venda, por primeira vez na súa historia, do vidro e do aceiro residual contidos no lixo en masa. Definíronse outras accións dirixidas a optimizar os custos no plano contractual, laboral, de operacións e de transporte, entre outros. É evidente que isto non foi suficiente para evitar a subida do canon, pero si se logrou que fose menor, diminuíndo deste xeito o seu impacto sobre as economías familiares. A venda de vidro e de aceiro residual suporán uns ingresos estimados (de feito xa se está producindo) que estarán próximos a 1,2 millóns de euros anuais. Ata hai pouco estes materiais acababan en vertedoiro despois de transportalos (aí ten razón o Sr. Iglesias) co que isto supón desde o punto de vista medioambiental e tamén económico. Sen acritude, pregunta qué fixo o goberno bipartito para evitar que se tirase a vertedoiro máis dun millón euros anual desde 2005 a 2009. Pregunta tamén qué fixo o goberno bipartito para incrementar a produción de enerxía eléctrica de SOGAMA. Hai que ter en conta que co incremento do canon a empresa garante a súa viabilidade e, polo tanto, a prestación dun servizo básico e esencial para os concellos e, en consecuencia, para a cidadanía. Non podemos esquecer que este servizo é de competencia exclusiva municipal. Hai que ter claro que, en contra do que moitos pensan consciente ou inconscientemente, que SOGAMA como tal non pode recibir subvencións ou transferencias da Xunta de Galicia, quedando obrigada a autofinanciarse e, polo tanto, a manter por si mesma a súa viabilidade económica. Di que a proposta de acordo é extemporánea en todos os seus apartados. O primeiro, demandar do presidente da Xunta algo que se refire á disposición adicional 21ª da Lei de orzamentos cando a lei aínda estaba en tramitación, agora a lei xa está aprobada. Demandar ao presidente da Xunta e ao presidente da FEGAMP a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación é algo que xa se fixo, por certo, con acordo dos tres grupos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

que integran esta Corporación e que logo, por cuestións partidistas, se retiraron. Dirixirse a todos os grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia para a realización dunha auditoría, xa está na páxina web de SOGAMA e no Rexistro Mercantil, e todos teñen acceso a ela. Por último, pídesse demandarlle ao presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa que a Xunta asuma esa diferenza, di que o acaba de dicir e non se pode pedir que voten ilegalidades, porque isto é unha ilegalidade manifesta tan grande como a catedral de Santiago.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que hai unha cousa que lle sorprende xa ao inicio: as súas propias leis xeran perdas a empresas que son sociedades mixtas e se se ten un 51% son para que sexa un servizo público, que é máis importante que as ganancias que poida ter a empresa. Esta é unha equivocación moi grave e unha gran diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista. A Partido Socialista si que quixo cambiar o modelo, pero non lles deu tempo, porque cando se fala aquí do bipartito non se di que en tres anos e medio non dá tempo de cambiar todo. O Partido Socialista quixo cambiar o modelo de reciclaxe e doutro tipo de cuestións que se estaban elaborando en SOGAMA. Pide que os informe o gran pensador de que época ven ese proxecto de recuperación de vidro e de aceiro. Intentaron facer unha lei de xestión de residuos de Galicia, pero foi torpedeada todos saben ben por quen, porque o Partido Popular non quería cambiar o modelo. Xa non é só que non o quixeran cambiar, senón que despois de torpedear estupendamente o cambio de modelo enfocado a unha cuestión básica, como está pasando en toda Europa, que é reciclar canto máis mellor, seguiron insistindo no mesmo modelo, porque querían enchufar outra incineradora. Na época do bipartito, un conselleiro desta provincia que el coñece ben (demonizado polo Partido Popular porque lles fixo moita *pupa*) parou as minicentrales con gran valentía. Agora, co Partido Popular no goberno, só hai que ir dar unha volta polas grandes centrais, para ver o que está pasando nas concas dos ríos. En canto á extemporaneidade da moción di que sabe que é moi difícil xustificar un voto, porque a ver que lles explican os alcaldes aos veciños se votan en contra destas mocións nos concellos, xustificando que a Xunta lles queira subir un 34%. En canto ás ilegalidades di que vai ser comedido, pero hai cousas nos orzamentos da Xunta que se poderían asumir en beneficio dos cidadáns, sobre todo tendo o 51% da sociedade. Se piden a auditoría ao mellor é porque non cren nelas, igual que as se fixeron nas caixas e o presidente da Xunta dicía que era o mellor do mellor e o resultado final é como están agora. Manifesta que se molestan os puntos da moción pódense cambiar, pero sempre que apareza un moi concreto, que se retire esta subida abusiva e que se senten a negociar para chegar a un entendemento real, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

que a Xunta non ameace aos alcaldes que están loitando por esta situación. Pídelles ao grupo de goberno que sexa valente e que o fagan así (aínda que sabe que non o van facer). En relación co guión do que se falaba antes, di que hai algún que é envelenado, e o Sr. Feijóo manda algún que é digno dun director que fai películas de autor, que a maioría das veces non as entende nin quen as ve nin quen as fai. Aquí pasa o mesmo, o grupo de goberno non comparte e non entende, pero di que os acordos son extemporáneos. Cre que extemporáneo é que estea ese señor alí, porque a este ritmo extemporáneo vai ser o que lle vai quedar a esta provincia, porque a maioría do que se recicla na nosa terra vai para fóra. Esta provincia sempre sae prexudicada con SOGAMA. O Grupo Socialista está disposto a que o grupo de goberno recoñeza que isto non se pode levar a cabo, extemporáneo ou non, e se se cre que na FEGAMP todo foi culpa do secretario xeral do PSOE, di que benvida a orde dese secretario xeral, porque lle dicía aos seus alcaldes que non permitisen que Feijóo lles siga facendo pagar aos cidadáns os erros que comete.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, alégrase de que o Sr. Álvarez Dobaño estea de acordo co BNG, posto que esa reforma enerxética vai aumentar os custos de SOGAMA e polo tanto reducir os beneficios dun modelo equivocado. Existen modelos alternativos como o que se intentou iniciar no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade do Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas nas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e a compostaxe e mostran custos máis sensatos. De feito, a transformación do modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte. Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA sen intentar buscar outras alternativas cando mesmo os planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración. A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que puideran crear, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecerlles á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos. Por todo isto, propoñen a seguinte emenda á moción do Grupo Socialista: Instar á Xunta de Galiza a revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, comenta unha cuestión de orde en canto a que non sabe se o grupo que presenta a moción acepta ou non a emenda formulada polo BNG, porque a súa intervención irá condicionada a esa decisión.

O Sr. presidente preguntalle ao Sr. Gómez Pérez se a admite e este expresa que si é admitida a dita emenda de adición.

Continúa o **Sr. Álvarez Dobaño**, e como anécdota comenta que algún concello gobernado polo Partido Socialista, afeou a varios concellos dunha determinada comarca antes das eleccións, dicindo que non subiría o lixo que xa o subiría despois das eleccións e cobraba menos da metade do que acordaran os demais. Dille ao Sr. Gómez Pérez que no fale de socializar perdas nin nas empresas públicas nin nas de economía mixta, porque isto forma parte dunha historia que non debería repetirse. Manifesta que SOGAMA non repartiu dividendos nos últimos anos, agás nos anos 2006 e 2007 co goberno do bipartito. O incremento do que estamos a falar suporá para os cidadáns aproximadamente un euro ao mes por inmovible. Quere deixar claro que a pesar desta suba SOGAMA seguirá cobrando a tarifa máis baixa dos sistema de xestión de residuos urbanos existentes en Galicia (Nostián e Barbanza) e tamén unha das máis baixas a nivel estatal para plantas destas características, isto tendo en conta as especiais características orográficas e xeográficas da nosa Comunidade Autónoma. Cabe lembrar que no ano 2003 foi o último no que se aplicou un incremento ao canon de SOGAMA e daquela pasouse de 33 euros a 44 máis IVE. Neste sentido habería que apuntar que os xestores das plantas de Nostián e Barbanza tamén se atopan nunha situación económica moi complicada, toda vez que formularon reclamacións millonarias de equilibrio financeiro. Cando a coalición PSOE/BNG gobernaba a cidade da Coruña recoñeceu a reclamación da concesionaria por un importe de 30 millóns de euros e a conflictividade segue desde entón. A Comisión Europea, no seu informe externo sobre a actividade de SOGAMA, realizado por unha consultora italiana e publicado en 2012, cualificaba a misión de SOGAMA como de interese xeral e evidenciaba que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

o canon que pagaban os concellos era totalmente insuficiente para a viabilidade da empresa pública, baseándose nas especiais características de Galicia ás que se referiu anteriormente. Lembra tamén que a adhesión a SOGAMA é voluntaria e esperan que a oposición presente un modelo viable. O Sr. Gómez Pérez referiuse ao anterior presidente, e a el non lle gusta falar de quen non está presente e moito menos de quen nos deixou xa, pero dá o dato de que aquel presidente cobraba 131.000 euros ao ano, máis 300 euros de axuda de custo por asistencia aos consellos de administración, chofer, secretaria, vehículo, etcétera; o actual presidente cobra 67.000 euros e sen nada do que acaba de dicir. En conclusión, con este incremento, doloroso pero necesario, en SOGAMA non se pretende ter beneficios nin retribuír aos seus accionistas, senón que o que se pretende é que a empresa sexa viable, e sendo viable todos terán un servizo básico que é competencia exclusiva dos concellos. Sen demagogia, di que a subida se lles aplica aos concellos e será decisión de cada un deles se a asume ou a repercute nos cidadáns, como se fai con outros servizos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que non vai falar de choferes porque habería moito que falar. Xa ten escoitado que a subida é un euro ao mes que, como dicía alguén de Ribadavia, é un viño. El di que é un café, pero o que pasa é que os cidadáns xa non poden tomar café. Se pensamos nun café poderíamos dicir que é pouco, pero un café tras outro fan que aos veciños se lles inflen as narices. Non se dixo aquí que o canon de SOGAMA vai no recibo do lixo, pero algún día haberá que tratar a subida de moitas cuestións que teñen que ver coa recollida do lixo que lles afecta aos cidadáns e aos concellos. En canto ao reparto de beneficios, no ano 2004 o Consello de Contas dixo que si se repartían beneficios pero ás subcontratas, e curiosamente coincidían con amizades do goberno que había naquel momento. Di que non se maree máis a perdiz, temos unha cuestión que afecta a todos, que é unha subida esaxerada do 34% e os alcaldes teñen vontade de negociar. A realidade é que a Xunta non quere negociar, e pídelle ao grupo de goberno, xa que non votan a favor da retirada dun canon abusivo, que lles expliquen aos veciños por qué o fan. Aos veciños non lles interesa para nada se SOGAMA é unha sociedade mixta, unha empresa ou se é mediopensionista, o que lles interesa é que teñen que atender aos seus fillos e aos seus netos coa mesma pensión e ese euro que se lles vai quitar cada mes a algún lle serve para comprar cousas de necesidade básica. Claro que os concellos poden facer un esforzo, pero xa fan tantos que xa non poden máis, en un concello como o de Ribadavia esta subida suporía 50.000 euros ao ano. Por último pídelle ao grupo de goberno que faga entrar en razón a quen corresponde, do contrario terán problemas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista coa emenda de adición proposta polo BNG, que obtén o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do deputado presente do BNG e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), polo que queda rexeitada.

11º.- RATIFICACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN DO 13 DE MAIO DE 2013, ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES).

Trala ratificación previa, por unanimidade, da inclusión deste asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia, de data 23 de decembro de 2013.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o seu grupo, en congruencia co expresado no Pleno de 31 de maio, vai votar en contra do asunto, polas mesmas razóns que xa expresaron. Desde que isto empezou a funcionar confirmouse o que pensaba o BNG, que este modelo non soluciona o problema real, ten moitas e importantes eivas e é un continuo ir e vir de bandazos, ademais de supoñer unha enorme improvisación, e todos os alcaldes que dispoñen dun GES no seu municipio poderán dar boa conta da problemática que se está a xerar. Expresa a gratitude ao seu alcalde (Baños de Molgas) que tivo en conta o consello que desde o BNG lle trasladaron hai meses. Pensa que, en definitiva, se libraron dun marrón.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que o seu grupo votará a favor do asunto. Recoñece que hai eivas neste tema e que é un marrón económico, porque os concellos teñen que poñer unha importante cantidade, pero cre que se solucionou medianamente un problema que en moitos casos era difícil de solucionar. Con todos os gobernos sempre houbo o problema de a ver a quen llo quitan e a ver a quen llo dan, porque ese asunto xa naceu mal. Non era normal que nunha comarca houbera ata tres grumires naquel momento, e noutra, como podería ser a do Ribeiro, un só. Esta é unha petición libre dos concellos (ninguén os obriga a ter os GES) e os concellos deben reivindicar unha serie de cousas que entenden son fáciles de solucionar se hai unión. Hai que recoñecer que este é un servizo moi importante para todos, non só para os concellos que os teñen, senón para todas as comarcas e para salvar moitas vidas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, tamén recoñece que isto ten moitas eivas e espera que mellore o desenvolvemento deste convenio nos concellos. Pensa que isto hai que velo desde o lado positivo, e o positivo é que os concellos onde hai os GES os seus

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

veciños teñen un servizo en momentos duros e difíciles, polo que isto non ten nada de marrón. Apela a que os representantes da FEGAMP prediquen dunha vez co exemplo e poidan recibir cartos, aínda que sexa un euro, para poder pagar as nóminas dos membros dos GES, porque desde que empezaron, en agosto, non recibiron nin un peso.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pensa que esta é unha competencia que debería ser da Comunidade Autónoma e que se lles endosa pola porta de atrás aos concellos, que teñen que cubrir os custos porque non se fan cargo da súa parte, e que si é un marrón para os concellos. É certo que os veciños dese concello teñen un servizo dispoñible ao seu lado, pero isto é unha carga innecesaria para os concellos, porque quen ten que asumir este servizo é a Xunta de Galicia directamente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, é evidente que a Xunta tería que facerse cargo de determinadas competencias, pero neste asunto financia o 60%, o 20% é financiado pola Deputación e o outro 20% o concello. O marrón está en que o financia o concello onde está a base e os demais non. En todo caso, o marrón é dos colegas limítrofes, e non tanto da Xunta, porque non podemos esquecer que estas persoas traballan a quendas, pero os 365 días do ano.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do deputado presente do BNG, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Ratificar a subscrición da addenda de 3 de decembro de 2013, ao convenio de colaboración do 13 de maio de 2013, entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

12º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2013 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE XUÑO E 1º DE AGOSTO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de setembro de 2013 e dos seguintes adicionais: 2º de xuño e 1º de agosto de 2013.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

13º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de setembro de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

14º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Trala declaración previa da urxencia do asunto, tratouse a seguinte moción:

14ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIRLLE AO GOBERNO CENTRAL QUE PARALICE A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DO ABORTO POR ATENTAR CONTRA A LIBERDADE DA MULLER A DECIDIR SOBRE A SÚA MATERNIDADE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Morenza Doforno, para que defenda o contido da moción.

D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, manifesta que o anteproxecto de Lei de protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada supón (para o Partido Socialista e para unha boa parte da sociedade) un retroceso de máis de tres décadas cando ata agora España contaba cunha normativa de referencia en toda Europa. Trátase dunha lei clasista, discriminatoria, hipócrita e innecesaria que trata ás mulleres como persoas tuteladas ao restrinxir os supostos do aborto e pór tantas trabas que abortar en España será algo inalcanzable, polo menos para algunhas. Interromper o embarazo deixará de ser un dereito como ata agora nas primeiras 14 semanas. Redúcense os supostos e límitase a posibilidade das mulleres a acollerse a estes. Desaparece o suposto de malformación, enfermidade incurable e anomalía fetal incompatible coa vida que existiu dende o ano 1985. Segundo se recolle no anteproxecto do Partido Popular, o feto teña un problema de saúde, por moi grave que sexa, xa non é motivo legal para abortar. So se admiten dous supostos: o da violación e o do grave perigo para a vida e a saúde física ou psíquica da muller. Recupérase así o coador do dano psicolóxico se o feto ten problemas de saúde da lei de 1985 ao que se acollían a maioría das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

mulleres. Pero o procedemento é máis longo e complicado porque terá que estar acreditado pola sinatura de dous médicos, que non poderán ser os mesmos que vaian practicar o aborto, como ata agora, e tampouco poderán traballar no mesmo centro no que se practique o aborto. Tamén se incorpora o dereito á obxección de conciencia xeneralizado cando ata agora só afectaba aos médicos que practicaban o aborto. Isto leva consigo un cambio significativo porque a nova lei contempla que calquera profesional poderá alegar obxección de conciencia, é dicir, non só aqueles que participan directamente na intervención, o que inclúe incluso ao persoal que ofrece información. Detrás deste anteproxecto de lei, co que non están de acordo nin a sociedade dun xeito xeneralizado nin a maioría das forzas políticas en España, atópanse a imposición dos esquemas morais arcaicos do Partido Popular, as presións da igrexa católica máis retrógrada e os grupos provida que esixen unha reforma aínda máis radical. O que se pretende é a volta ao modelo tradicional no que se aspira a que a maternidade e a permanencia da muller no fogar volvan ser os perfís imperantes. O illamento do goberno de Rajoy respecto á oportunidade desta reforma demóstrase no feito de que non se consultou a un grupo de expertos para facer a reforma nin se tivo en conta a opinión da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia (SEGO), que agrupa a 9.000 profesionais. Tampouco se tivo en conta a opinión da Asociación Española de Neuropsiquiatría, que nos últimos días constituíse nunha voz crítica. O dereito ao aborto ten que seguir sendo unha opción persoal, non unha obriga. Privar ás mulleres do dereito a decidir sitúa a España á cola de Europa. É inadmisíbel que coa nova lexislación as mulleres pasemos a ser clasificadas como inmaduras e incapaces para decidir sobre a maternidade. Con este retroceso nos dereitos das mulleres ponse en perigo a súa saúde e sitúase aos profesionais vinculados á práctica do aborto nunha situación de inseguridade xurídica. Preténdese criminalizar ás mulleres que queiran interromper a xestación e o contexto no que nos vai situar é o da volta á clandestinidade, ao medo, e aos vos *charter* a Londres para quen os poida pagar. A partir de agora o Goberno do PP pretende decidir por nós, tratándonos como seres incapaces e coartando a nosa liberdade. Pero os efectos de esta reforma non quedan só aí, senón que desaparecerán as medidas para fomentar o acceso a métodos anticonceptivos seguros e de última xeración e os programas específicos de planificación familiar, como xa fixeron durante os últimos anos nas comunidades autónomas e desde hai dous anos no goberno central. Non se inclúen ademais as medidas anunciadas por Gallardón en marzo de 2012 sobre a violencia de xénero estrutural. A situación na que queda a muller recrúase pola derogación de facto da Lei de dependencia ou da intención de que as ameazas en violencia machista deixen de ser un delito para converterse en falta. A lei coloca á muller en posición de minoría de idade, quedando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

subordinada ás decisións que adopten terceiras persoas, que poderán decidir sobre algo que condicionará a súa vida para sempre. A conclusión é que o Estado decide en qué casos pode abortar unha muller en función das crenzas relixiosas dunha parte da sociedade, o que significa un atentado á convivencia e unha condena ao sexo feminino a un aborto inseguro, clandestino e perigoso. A muller non só pasa a non ser dona das súas propias decisións, senón que se converte nunha vítima. Con esta contrarreforma situámonos á cola de Europa e estamos ofrecendo unha imaxe dun país rancio que se aferra a un pasado que custou décadas pasar. O anteproxecto do Partido Popular colócanos ao mesmo nivel que Malta ou Andorra nas leis retrógradas do aborto e afástanos da liña progresista xa iniciada e que tardamos demasiado tempo en consolidar, co tan deostado Zapatero. O Grupo Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: esixirlle ao Goberno Central que paralice a tramitación do anteproxecto de lei do aborto por atentar contra a liberdade da muller a decidir sobre a súa maternidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que tiña importantes carencias e aspectos moi mellorábeis. O goberno do PP vai conseguir, co recentemente aprobado anteproxecto de lei actual, un retroceso de décadas que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa, impulsada polo Ministro de Xustiza, pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos, que se opoñen aos dereitos das mulleres, sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios. Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo a moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres. O BNG lamenta que de golpe e porrazo o PP vaia anular unha lei de prazos que custou moito esforzo aprobar, que tivo un amplo consenso, que situou ao estado español na liña dos países europeos máis desenvolvidos nesta materia e que está a proporcionar seguridade sanitaria e xurídica ás mulleres que deciden interromper o seu embarazo. A lei do aborto non debe ser modificada, en todo caso, mellorar algunha das súas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

carencias. O PP obvia os razoamentos, desatende as necesidades das mulleres, e só se move por criterios ideolóxicos reaccionarios, recalcitrantes, por contentar aos sectores da ultradereita e por cumprir cos desexos da Conferencia Episcopal. O Ministro de Inxustiza é unha hipócrita social por argumentar que esta reforma da lei do aborto era un compromiso electoral do PP. O Partido Popular, leva dous anos incumprindo todos os días compromisos electorais pero casualmente este non se lles pasa. Esta reforma está impregnada dunha compoñente machista e paternalista. Gallardón crese con dereito a impoñer o que as mulleres deben facer e decidir, como se non puideran decidir por elas mesmas sobre os seus corpos. É dunha ranciedade sen límites que nos leva a tempos moi pretéritos. O BNG reivindica o dereito a decidir das mulleres e censura que unha lei de prazos vaia ser suprimida para intercambiala por unha lei de supostos aínda peor que a que estaba vixente até 2010. Nese sentido lembra que a lexislación europea deses países máis desenvolvidos aos que o Goberno de Rajoy se quere parecer teñen leis de prazos, incluso máis avanzadas que a lei de 2010.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, á marxe da urxencia recoñecida, para que non os tachen de antidemócratas, e das consideracións que fai a Sra. Morenza, adianta que van votar en contra. Estamos a falar dun anteproxecto de Lei, e dado o importante debate que se está dando na sociedade e o que se dará nas Cortes Xerais, mellorará un texto que, segundo a súa opinión persoal, é bastante restritivo e manifestamente mellorable. Está seguro que unha vez escoitada a sociedade e a todos os grupos o texto mellorará.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, alégrase de que o Sr. Álvarez Dobaño recoñeza que é un texto restritivo. O que está claro é que o Partido Socialista analiza a cuestión cando no seu momento, que é co anteproxecto de lei en proceso. Un proxecto de lei que se caracteriza polo involucionismo que están intentando estender ao longo e ancho da sociedade. O Partido Popular pretendeu diluír a polémica presentando a reforma en período de Nadal, amosando así unha actitude covarde e infravalorando a madurez da sociedade española. Pensaba que un tema tan importante ía pasar desapercibido. Esta contrarreforma non é unha cuestión insignificante, vai supor un cambio brutal. Hai que ter en conta que o 97 % dos abortos practícanse en clínicas privadas e son os propios médicos destas os que elaboran os ditames e agora o PP, segundo este anteproxecto (Gallardón dixo que ía saír adiante sen cambiar nin unha soa coma) quere non só rachar con este vínculo senón tamén reducir ao mínimo a publicidade que estas clínicas realizan das prácticas dun dereito individual como é o do aborto. As cifras e a realidade falan por si soas, pois máis do 90 por cento dos abortos víñanse producindo nas primeiras 14 semanas, unha posibilidade que desaparece. Gallardón non vai cambiar este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

suposto e non se poderá abortar nas primeiras 14 semanas. Aproximadamente 100.000 mulleres veranse afectadas cada ano pola nova lei. Non se volveu saber nada da cacarexada motivación que esgrimiu o ministro de Xustiza para xustificar os cambios na lexislación, é dicir, da violencia de xénero estrutural. Alberto Ruíz Gallardón anticipou hai uns meses que o obxectivo da reforma era protexer ás mulleres que queren ter ao seu fillo, pero que se ven obrigadas a abortar por falta de axudas económicas, sociais, asistenciais e laborais. Pois na reforma aprobada o 20 de decembro polo Consello de Ministros non se fala en absoluto da violencia de xénero estrutural. Unha vez máis o Partido Popular engana e pretende facer á sociedade incompetente e incapaz, igual que pretende facer coas mulleres. Un dos cambios substanciais da reforma é a supresión da malformación fetal como unha circunstancia para interromper o embarazo, que só poderá facerse se 2 médicos establecen que o conflito entre a protección do feto e a muller non pode resolverse dende o ámbito médico de ningunha outra forma. Temen que este suposto tampouco se vai tocar nin nas Cortes nin ao longo do proceso. E só se entenderá dano psíquico cando o embarazo produza menoscabo importante. A muller terá 7 días en lugar de 3 para reflexionar e a información sobre as posibilidades ofrecerana os servizos sociais, e isto será un colapso no sistema público, porque se xa non hai cartos para atender a lei de dependencia nin para atender os servizos sociais, tampouco vai haber cartos para isto. O obxectivo destes cambios están claros: dilatara ao máximo o proceso para restrinxir as posibilidades de que a muller poida acollerse a este suposto nas semanas nas que se inclúe. A non inclusión do suposto de malformación fetal, que lle preocupa moito á sociedade, provocaralles sufrimento ás familias e terá consecuencias físicas e neuropsicolóxicas nestes nenos. Estamos a falar de hemorraxia cerebral avanzada ou malformacións cerebrais, que se escapan aos controis iniciais. Trátase de patoloxías evolutivas que desembocan en enfermidades moi graves (obstrucións cardíacas, hidrocefaleas moderadas, ventrículos cerebrais dilatados). Ao suprimir este suposto e recortar os fondos para a Lei de dependencia, formúlanse moitas interrogantes, que o Sr. Gallardón ao mellor non está capacitado para resolver: ¿Ten previsto o goberno medidas de protección para esta nova poboación con graves minusvalías? ¿Tivéronse en conta as consecuencias? Está demostrado que canto máis aperturistas son as leis do aborto, prodúcese unha diminución do número de interrupcións do embarazo. En 2012 abortaron un 5% menos de mulleres, ao redor de 6.000. As razóns son evidentes: financiamento público de métodos anticonceptivos, información pública sobre anticoncepción, así como asesoramento e información en saúde. Pero esa é precisamente a materia pendente do PP: a promoción da saúde sexual e reprodutiva, coa que están terminando nos últimos anos. En agosto de 2013 o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

Ministerio de Sanidade excluíu unha decena de preparados da carteira de servizos que cubre a sanidade pública. E a estocada final está na contrarreforma de Gallardón, que supón un retroceso en prevención, non se recollen medidas para combater os embarazos non desexados, tampouco iniciativas de educación sexual, lembremos ademais a supresión da materia de Educación para a Cidadanía, onde se daban parte destes contidos. Á contrarreforma hai que engadirlle os recortes en gasto social: repercusións na conciliación, dificultades á incorporación ao mundo laboral, perda de apoio público ao coidado aos dependentes, ataque á igualdade de sexos. Francia xa se amosou contraria á reforma (incluso a voceira do goberno francés enviou unha carta a Rajoy acusándoo de abuso de poder), no Reino Unido un dos rotativos máis renomeados do mundo (The Times) dixo que Rajoy estaba incorrendo en abuso de poder, en Italia falan de volta ao pasado e en Alemaña de restrición de dereitos. España converterase, de aprobarse esta lei, no terceiro país máis involucionista de Europa, despois de Andorra e Malta e estaremos ao mesmo nivel de Polonia e Irlanda. Dos 28 estados, en 20 rexen as leis de prazos. Un exemplo da regresión da lei alude a que un país coma Irán aprobou en 2005 unha lei do aborto máis aberta que a que presenta agora Gallardón. E qué dicir das propias disensións internas no seo do Partido Popular. A alcaldesa de Zamora- Rosa Valdeón critica a exclusión da anomalía fetal, así como varios cargos orgánicos e institucionais e o feito de que non sexa a ministra de Sanidade a que presente a reforma indica moito de cómo está a situación (Ana Mato sitúase na órbita das reticencias non explícitas). Cargos orgánicos do Comité de Dirección do Partido Popular en Ourense, coma o secretario de Organización Pablo Pérez ou mesmo a delegada do Goberno en Madrid, Cristina Cifuentes, amosáronse contrarios a unha reforma excesivamente estrita. O presidente do Partido Popular de Guipúscoa, Borja Semper, invitou aos deputados do Partido Popular a votar en conciencia, dicindo que os partidos non eran seitas. Semper dixo tamén que non cre nun estado que se meta na vida das persoas ata o punto de imposibilitar a toma de decisións sobre a propia vida. Dentro do Partido Popular seguen as polémicas internas. O secretario de dereitos e liberdades, Iñiqui Ollarzabal, desde o País Vasco, di que hai aspectos que lle gustan moito menos desta lei. Outra dirixente do PP, Celia Villalobos, xa se ten manifestado varias veces en contra de reformar a lei do aborto. Cinco gobernos autonómicos están en contra do anteproxecto (Andalucía, Asturias, País Vasco, Cataluña e Canarias). O alcalde de Valladolid, Francisco Javier León de la Riva, que é xinecólogo, e tamén do Partido Popular, di que sería un erro obrigar ás nais a seguir embarazadas ata o final. Isabel Díaz Ayuso, deputada autonómica do PP en Madrid, dixo que tampouco estaba a favor da reforma. O número 2 de novas xeracións, Javier Dorado, dixo que o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

sentir maioritario non é favorable ao anteproxecto. Isto é o que se pensa no Partido Popular, e ata o propio Papa Francisco I cualificou recentemente de obsesión a loita contra o aborto. O PSOE xa anunciou que está disposto a dar a batalla en defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e de loitar en pro da igualdade e da liberdade da muller. Xa anunciamos a intención do partido de recorrer ao Tribunal Constitucional e ao Tribunal de Estrasburgo, así como a organización dunha cume europea en Madrid pola liberdade das mulleres, porque moito se temen que esta contrarreforma vai seguir adiante.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, como se pode ver o debate está na rúa e tamén dentro das filas do propio Partido Popular. Gustaríalle que mañá o titular fose que o Partido Popular da Deputación de Ourense amosou a súa postura neste sentido, pero non sabe se terán a valentía de facelo. A intervención do Sr. Álvarez Dobaño é unha fuxida cara atrás e de covardes. Ao mellor é que se están de acordo co sector do Partido Popular que quere que as mulleres volvan para casa coidar dos maridos, dos fillos (que a providencia determine) sen ter capacidade de decisión e que formen parte, como un moble máis, das súas casas. Esta é unha agresión máis sobre un colectivo tan vulnerable como o das mulleres, que hai que sumar aos aterradores datos relativos ao paro feminino e a emigración forzosa das mozas. Non podemos consentir que a Conferencia Episcopal e o PP decidan sobre as liberdades sexuais e reprodutivas das mulleres. O Goberno de Madrid, e de maneira cómplice o de Galiza, lexislan seguindo os ditados da Conferencia Episcopal. Pero isto non supón unha novidade, pois a lei aprobada no 2010 de Saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do Embarazo, que en Galiza foi freada pola Consellería de Sanidade, non garantiu que nos hospitais públicos as mulleres puideran facer uso desta prestación. A consellería de Sanidade e a Secretaría de Igualdade do Goberno de Feijóo, estableceron unha rede nada obxectiva de apoio ás mulleres xestantes integrada por 16 organizacións das que 11 son de corte ultrarrelixioso. O BNG denunciou e pediu a eliminación da Guía de apoio á maternidade, publicada na páxina oficial da Secretaría Xeral de Igualdade, por apoloxía á mencionada Rede. O BNG xa rexistrou diversas iniciativas no Parlamento Galego co obxecto de acadar un compromiso real do presidente da Xunta co dereito reprodutivo das mulleres. En definitiva, o BNG oporase rotundamente a esta lei, que hoxe é un anteproxecto pero pouco vai cambiar, porque seguen lei tras lei, regulamento tras regulamento e noticario tras noticario coa teima de dicirle á sociedade que lle van cortar o brazo e cando se lles di que só se lles vai cortar a man xa queda contenta. Reitera que o BNG se oporá a esta lei cando sexa tramitada no Congreso e agardan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013

que as mulleres, tamén as votantes do Partido Popular, se mobilicen e reivindiquen os seus dereitos ante o seu propio partido.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, en relación co posicionamento de que non son un bloque monolítico e discrepan (xa se encargou a Sra. Morenza de tomar boa nota de quen discrepa). Este é un problema de liberdade e de conciencia persoal e cada un pode opinar. Unha vez escoitados os argumentos da Sra. Morenza, dille, con todo o respecto: muller de pouca fe, espere vostede ao trámite parlamentario.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que ao Partido Socialista lle preocupa moito a postura da bancada do Partido Popular, comprendendo que como son na maioría homes e non teñen unha persoa que lles lembre o que significa que unha muller que se atope nunha situación difícil teña que tomar unha decisión difícil, como é o aborto, ou enfrontarse nos próximos anos (espera que non) a unha lei que está coartando ás mulleres e que as está convertendo en persoas incapaces, tuteladas por un estado paternalista. No Partido Popular tamén hai preocupación, porque o debate interno xa se leva dando desde hai dous anos, e un sector dun partido non pode decidir sobre a liberdade individual das mulleres dun país enteiro. A Lei de prazos de 2010 foi recorrida ante o Tribunal Constitucional polo Partido Popular e este aínda non ditaminou, pero o PP xa toma decisións sobre unha lei en vigor, a de 2010, anticipándose ao que poida dicir o Tribunal. Están por enriba da lei. O que queda claro é que se vai volver ao aborto clandestino, algo que lles preocupa moito ás mulleres, porque estamos falar de entre 6.000 e 7.000 euros o que custa un aborto clandestino, poñendo en risco a vida das mulleres en moitas ocasións. Reitera que un lexislador ou un político non poden influír nun dereito individual da muller. Na lei de 1985 elixíase un suposto e non había necesidade de recibir información. Na lei de 2010 obrigábase a recibir información e existía un período de reflexión, e todo iso vai cara atrás como se fosemos ao século XIX. Isto é un retroceso. O Partido Socialista pensa que é inxusto obrigar a unha muller a facerse cargo dun fillo que poida necesitar atencións especiais e que o Estado dificilmente proverá (recortes na Lei de dependencia). Lémbbralles ás persoas do Partido Popular que unha maior represión non implica un menor número de abortos, como xa demostrou antes coas cifras. Por último, lémbralle nunha chiscadela de ironía ao Sr. Álvarez Dobaño, que non estea tan atento aos xestos das deputadas e que apoie ás mulleres.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, e ao obter o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do deputado

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

presente do BNG, e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pregunta cando se vai arranxar a estrada que está preto do balneario de Berán, que foi visitada polo Grupo Socialista e xa reclamou publicamente este arranxo, porque está nunhas condicións lamentables e non é tan difícil de arranxar. En canto a unha estrada situada en Gomariz (cónstalle que o presidente ten un informe dos técnicos desta casa) pide que se poña algún tipo de sistema que faga que os vehículos circulen a unha velocidade máis axeitada, rógalle á Presidencia que lles diga aos técnicos que busquen unha solución alternativa ás bandas e que arranxe o problema, que é o que lles preocupa aos veciños. En relación cun tema que xa ten presentado aquí o exalcalde de Vilardevós en relación coas nevadas, di que o outro día ocorreu un problema nun concello (Piñor) á hora de contactar coas persoas ou coas brigadas da Deputación que se encargan deste tema, polo que lle roga á Presidencia que arranxe isto e tome medidas neste sentido. Para finalizar, e fóra do debate político, o Grupo Socialista quere felicitarlles o ano a todos os deputados e a todos os cidadáns, e desexan que non sexa peor que este.

O **Sr. presidente** únese ao desexo do Sr. Gómez Pérez. En relación co asunto de Piñor di que se porá en contacto co alcalde para ver cal foi o problema nese dispositivo de vialidade invernal que hai establecido para as vías de titularidade provincial. Toma nota do rogo en relación coa estrada de Gomariz, para que o Servizo de Vías e Obras arranxe esa problemática buscando alternativas. En relación coa estrada de Berán di que lle pasará un informe do Servizo de Vías e Obras, porque cre que a cuestión que denunciou no seu momento cunha visita in situ ás obras xa está solucionada.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di, facendo alusión a cando o Sr. presidente dixo que non tivera lugar o pleno de Celanova e que o deputado Sr. Rodríguez Puga se incorporaría a esta sesión, que resulta un pouco esperpéntico que un alcalde convoque un pleno extraordinario e urxente e unha vez que comeza o pleno vote en contra da urxencia alegando que non coñece a normativa vixente. Con respecto ao Teatro Principal, di que o BNG denunciou no seu momento e leva demandando que a Deputación se desfaga desas competencias impropias, preguntalle ao Sr. presidente se lle parece que dobrar o prezo dos abonos e das entradas é unha forma de mellorar a xestión ou de mellorar o balance negativo. Pregunta tamén se no momento actual de crise a mellor actitude é poñer a cultura ao alcance de todos e de todas. Con respecto á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de decembro de 2013
--

problemática no Concello de Xinzo, pregunta se esta Deputación asesorou ou está asesorando ao alcalde de Xinzo no litixio que ten contra o secretario.

O **Sr. presidente** di que cando fixo alusión ao Sr. Rodríguez Puga é porque esperaba que se incorporara a esta sesión xa que o Pleno de Celanova non tivera lugar e ás 11.02 xa rematara. En relación co Teatro Principal di que é unha medida que se adopta. Cre tamén que non debe ser unha competencia propia da Deputación e estanse explorando novas fórmulas de xestión, incluso antes de atopalas pasarían por unha ordenanza que regulase tanto o Teatro como o Centro Cultural Marcos Valcárcel. Con relación co asesoramento ao Concello de Xinzo non lle consta nin a petición do concello nin que se estea a facer. Para finalizar deséxalles a todos feliz ano.

E, ás 14:20 horas do citado día vinte e sete de decembro de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,